



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA : EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN : Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 804 100

<http://bop.depontevedra.es>

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 873 400

Depósito Legal: PO -1-1958

MIÉRCOLES 6 MAYO

AÑO 2009 Núm. 84

SUMARIO

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

| | |
|---|-------------|
| XUNTA ELECTORAL DE ZONA | <i>Pág.</i> |
| De Cambados | 2 |
| MINISTERIO DE FOMENTO | |
| <i>Puertos del Estado</i> | |
| Autoridad Portuaria de Vilagarcía de Arousa y su Ría | 2 |

XUNTA DE GALICIA

| | |
|--|---|
| CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA | |
| Delegación Provincial | 2 |

ADMINISTRACIÓN LOCAL

| | |
|----------------------------|----|
| Provincial | |
| Diputación Provincial..... | 3 |
| O.R.A.L. | 4 |
| Municipal | |
| Pontevedra | 5 |
| Baiona | 20 |
| Caldas de Reis | 20 |
| Cotobade | 20 |
| Oia | 20 |
| Cambados | 21 |
| Lalín | 21 |

Pág.

| | |
|--------------------------|----|
| Mos | 22 |
| Silleda | 23 |
| Soutomaior | 24 |
| Tomiño | 25 |
| Tui | 26 |
| Vilanova de Arousa | 26 |
| Ponte Caldelas | 27 |
| Ponteareas | 30 |
| Vilanova de Arousa | 30 |

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

| | |
|--|----|
| Tribunal Superior de Justicia de Galicia | |
| Sala de lo Social | 37 |
| Secretaría de Gobierno | 38 |
| Audiencia Provincial | |
| Pontevedra | 38 |
| Juzgados de Primera Instancia e Instrucción | |
| De Vigo | 38 |
| De Cambados | 40 |
| Cangas do Morrazo | 40 |
| Juzgados de lo Social | |
| De Pontevedra | 41 |
| De Vigo | 47 |

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CAMBADOS

D^a Begoña Acha Barral, Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Cambados.

Fai saber: Que con respecto a publicación dos lugares para actos de propaganda electoral, correspondente a esta Xunta Electoral de Zona de Cambados, apreciouse un erro no Concello de Sanxenxo e máis concretamente no Pavillón Escolar de Magaláns-Dorrón publicándose que o horario para celebración de actos electorais sería de 18 a 20 horas, cando en realidade debe decir de 19 a 21 horas.

E para que sirva para corrección de erro e para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia expido e asino o presente en Cambados, a vintenove de abril de 2009.—A secretaria da Xunta Electoral de Zona de Cambados, Begoña Acha Barral.

2009004797

MINISTERIO DE FOMENTO

AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGACÍA DE AROUSA E SÚA RÍA

A N U N C I O

De conformidade co disposto nos arts. 59.4 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285, do 27 de novembro do 1992), faise pública a notificación da proposta de resolución do expediente sancionador, instruído por esta Autoridade Portuaria de Vilagarcía a persoa ou entidade que menciónanse no anexo, xa que téndose intentado a notificación no último domicilio coñecido, ésta non se pudo practicar.

O correspondente expediente obra no Departamento de Servicios Xerais desta Autoridade Portuaria de Vilagarcía, diante o que lle asiste o dereito de alegar por escrito o que na súa defensa estime convinge, coa aportación ou proposición das probas que considere oportunas, dentro do prazo de quince (15) días hábiles, contados dendo o seguinte o de publicación do presente Boletín Oficial da Provincia.

A N E X O

Expediente sancionador: 43/08.

Matrícula: 2577-DTG.

Denunciante: Celador-gardapeiraos.

Denunciado: Transaqua natural, S.L.

Último domicilio coñecido: C/ Llorente, 36 bj.

Feito denunciado: Non realizar stop na caseta de control de entrada.

Precepto infrinxido: Artigo 114.1º a) da Lei 27/1992 e artigo 14 do regulamento de servicios, policía e réxime do Porto de Vilagarcía de Arousa.

Vilagarcía de Arousa, 20 de marzo de 2009.—
O Presidente, Joaquín Javier Gago López.

2009004798

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Innovación e Industria

DELEGACIÓN PROVINCIAL

Resolución do 2 de abril de 2009 da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica (Nº Expte: IN407A 2009/335-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no artigo 125 do R.D. 1955/2000, do 1 de decembro (BOE 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

- *Solicitante:* Unión Fenosa Distribución, S.A.
- *Enderezo Social:* Travesía de Vigo, 204, 36000 Vigo.
- *Denominación:* LMTS CD Gaiteiro Ricardo Portela.
- *Situación:* Pontevedra.

Descricións técnicas

Liña de media tensión soterrada a 20 KV con conductor tipo RHZ de 0,009 km de lonxitude. Centro de distribución na rúa Gaiteiro Ricardo Portela.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta Delegación Provincial, Avda. Fernández Ladreda 43, 36003 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 2 de abril de 2009.—O/a delegado/a provincial, por vacante, o secretario provincial, Ramón Barreiro García.

2009004711

Deputación Provincial

Resolución de la Diputación de Pontevedra por la que se anuncia la contratación mediante procedimiento abierto del servicio de gestión, organización y desarrollo del programa “English Summer Camp”.

Por la “Xunta de Gobierno”, en sesión de fecha 22 de abril de 2009, se aprobó el expediente de contratación del anuncio arriba indicado, con las siguientes especificaciones:

1) ENTIDAD ADJUDICADORA.

- a) Organismo: Diputación Provincial de Pontevedra.
- b) Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Contratación, Hacienda y Patrimonio.
- c) Número de expediente: 111 /2009.

2) OBJETO DEL CONTRATO.

- a) Descripción del objeto: La gestión, organización y desarrollo de campamentos de inglés para niños dentro del programa social “English Summer Camp”.
- b) Lugar de celebración: En las instalaciones de la Ciudad Infantil “Príncipe Felipe”

3) TRAMITACIÓN Y PROCEDIMIENTO.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedimiento: abierto.

4) PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN.

Se establece en la cantidad máxima de 100,00 euros por niño, IVA incluido, de los que 93,46 € corresponden al precio del contrato y 6,54 € al IVA, hasta una cantidad máxima de 60.000,00 euros.

5) GARANTÍAS.

- a) Provisional: No se exige.
- b) Definitiva: Por importe del 5% del precio de adjudicación.

6) OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.

- a) Entidad: Diputación Provincial de Pontevedra.
- b) Domicilio: Avenida de Montero Ríos s/n.
- c) Localidad y código postal: Pontevedra, 36071.
- d) Teléfono: 986 80 41 01
- e) Fax: 986 80 41 26.
- f) Fecha límite de obtención de documentación e información: Hasta el día anterior a la

fecha de finalización del plazo de presentación.

7) REQUISITOS ESPECÍFICOS DEL CONTRATISTA.

Los señalados en el pliego de cláusulas económico-administrativas.

8) PRESENTACIÓN DE OFERTAS O DE LAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.

- a) Fecha límite de presentación: 15 días naturales a contar desde el día siguiente al de la publicación del anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra. Si el último día del plazo coincidiera en domingo o festivo, se prorrogará el plazo hasta el primer día hábil siguiente.
- b) Documentación a presentar: La señalada en el pliego de condiciones.
- c) Lugar de presentación: Registro General (Sede de Pontevedra, de lunes a sábado y sede de Vigo de lunes a viernes) en horario de 9 a 13 horas.
 1. Entidad: Diputación Provincial de Pontevedra.
 2. Domicilio: Avenida de Montero Ríos s/n (Pontevedra) y calle Oporto 3 (Vigo)
 3. Localidad y código postal: Pontevedra, 36071 y Vigo 36201
- d) Plazo durante el cual el licitador estará obligado a mantener su oferta: Tres meses desde el acto de apertura de las proposiciones económicas.
- e) Admisión de variantes: no se admiten.

9) APERTURA DE LAS OFERTAS.

- a) Entidad: Diputación Provincial de Pontevedra.
- b) Domicilio: Avenida de Montero Ríos s/n.
- c) Localidad: Pontevedra.
- d) Fecha: Tercer día hábil siguiente a la finalización del plazo de presentación de proposiciones. Si coincidiera en sábado el primer día hábil siguiente.
- e) Hora: 10 horas.

10) CRITERIOS BASE PARA LA ADJUDICACIÓN.

Los criterios que servirán de base para la adjudicación de este procedimiento abierto, por orden decreciente de importancia, serán los siguientes:

- a) Menor precio, hasta un máximo de 5 puntos.
- b) Actividades y programas educativos a desarrollar, hasta un máximo de 3 puntos.
- c) Mejoras ofertadas a las características mínimas exigidas, hasta un máximo de 2 puntos.

Se valorarán entre otras las siguientes mejoras:

- Mayor número de monitores que el mínimo establecido en los pliegos.
- Obsequios para los participantes.
- Realización de excursiones.
- Disposición de monitores en posesión del título de socorrismo acuático.
- Realización de una memoria audiovisual o fotográfica para los participantes y para la Diputación.

Otras mejoras.

11) GASTOS DE ANUNCIOS.

Serán por cuenta de las empresas adjudicatarias.

12) Página web donde se pueden obtener los pliegos. <http://www.depontevedra.es>

Pontevedra, 23 de abril de 2009.—El Presidente, Rafael Louzán Abal.—El Secretario, Carlos Cuadrado Romay. **2009004602**

O R A L

XESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL

A N U N C I O

Resolución do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación Provincial de Pontevedra, polo que se anuncia a contratación por procedemento aberto do servizo de colaboración e asesoramento na Inspección Fiscal do IAE, do ICIO e dos demais tributos delegados no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (Oral-Deputación Provincial de Pontevedra).

Polo Consello Reitor do ORAL, en sesión de data 18 de marzo de 2009, aprobouse o expediente de contratación arriba indicado, coas seguintes especificacións:

1. ENTIDADE ADXUDICATARIA.

- a) Organismo: ORAL-Deputación Provincial de Pontevedra.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo Xurídico.

2. OBXECTO DO CONTRATO.

Servizo de colaboración e asesoramento na inspección fiscal do IAE, do ICIO e dos demais tributos delegados no Organismo Autónomo Provincial

de Xestión de Recursos Locais (ORAL - Deputación Provincial de Pontevedra).

3. TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

Fíxase un importe estimativo, a efectos de financiación e orzamento con independencia do resultado final do mesmo, de 300.000 ? mais 48.000 ? de IVE, por ano de contrato.

5. GARANTÍAS.

- a) Provisional: Por importe de 3.000 €.
- b) Definitiva: Por importe de 30.000 €.

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN.

- a) Entidade: ORAL-Deputación Provincial de Pontevedra.
- b) Domicilio: Avda. de Marín, 9-11.
- c) Localidade e código postal: Pontevedra, 36071.
- d) Teléfono: 986.85.99.93 (extensiones 60 e 68).
- e) Fax: 986.85.99.36.
- f) Data límite de obtención de documentación e información: Ata as 14 horas do día en que remate o prazo de presentación de ofertas.

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

- a) Data límite de presentación: 15 días naturais desde o seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.
- b) Documentación a presentar: A sinalada nos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do ORAL en horario de 9 a 14 horas, ou ben en calquera das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
 - 1) Entidade: ORAL-Deputación Provincial de Pontevedra.
 - 2) Domicilio: Avda. de Marín, 9-11.
 - 3) Localidade e código postal: Pontevedra, 36071.
- d) Prazo durante o que o licitador deberá manter a súa oferta: Tres meses desde o acto de apertura de plicas.
- e) Admisión de variantes: non se admiten.

nación da capacidade económica así como modificacións no procedemento e resolución da concesión.

Precisase dispoñer dun novo marco regulador do servizo de axuda no fogar en relación aos contidos básicos, as prestacións, aos procedementos administrativos e de valoración para o acceso e a adxudicación, cunha diferenciación nas modalidades de acceso ao SAF, e que estableza ao mesmo tempo os criterios de participación económica das persoas usuarias no financiamento do servizo.

Con esta nova Ordenanza tratase de dar cobertura as novas demandas, establecendo os criterios que regularan dunha banda a inclusión das persoas procedentes da valoración da situación de dependencia, e doutra a participación das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar .

En consecuencia, e coa fin de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Pontevedra, de conformidade co marco normativo referenciado, que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, régulanse os requisitos e condicións de prestación do Servizo de Axuda no Fogar municipal, a través da presente Ordenanza.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.—Finalidade da Ordenanza e ámbito de aplicación.

É a finalidade da presente ordenanza, regular o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF) no termo municipal do Concello de Pontevedra, en exercicio das potestades regulamentarias e de programación, conferidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O SAF, como programa de actuación desenvolvido polo Concello de Pontevedra, mediante a presente Ordenanza reguladora do SAF inscríbese no ámbito de actuación das competencias municipais, atribuídas aos Concellos polo da Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais; e polo Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria ou normativa que a derogue e substitúa.

Así mesmo a presente Ordenanza enmarcase no establecido na Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e demais normativa estatal de desenvolvemento, así como a normativa de carácter autonómico, entre outra, a Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibi-

lidades das prestacións e xestións das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.—Obxecto e Definición do Programa de Servizo de Axuda no Fogar.

É obxecto da presente ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar no Concello de Pontevedra, como programa de actuación dos servizos sociais de atención primaria.

O Servizo de Axuda no Fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora aos individuos e unidades de convivencia no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en situacións de desestructuración familiar, por motivos de índole física, psíquica ou social, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando no posible a súa institucionalización.

O Servizo de Axuda no Fogar constitúe un conxunto de intervencións profesionais, de carácter preventivo e rehabilitador, que teñen por obxecto a atención de situacións de dependencia no entorno do domicilio habitual dos usuarios, fomentado a autonomía persoal e favorecendo a complementariedade da familia e das redes de apoio á mesma. Ese conxunto de intervencións serán realizadas por persoal cualificado e sempre coa supervisión técnica por parte dos servizos sociais de atención primaria do Concello.

A finalidade esencial do SAF é a prestación de apoio persoal, doméstico, psico-social, educativo e preventivo, orientado a facilitar aos usuarios/as a autonomía persoal suficiente, segundo a súa situación, no medio habitual de convivencia, mentres isto sexa posible e conveniente.

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo público que terá a consideración de prestación básica de Servizos Sociais de Atención Primaria inxerida no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, con planificación, coordinación e control público.

CAPÍTULO II

CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

Artigo 3º.—Obxectivos

Son obxectivos xerais do SAF os seguintes:

1. Posibilitar as persoas e unidades de convivencia con dificultades de autonomía persoal, na súa capacidade de relación social ou no seu autovalamento, a permanencia no seu hábitat.
2. Apoiar as persoas e unidades de convivencia familias en situacións de risco por desequilibrios

ou deterioro nas relacións familiares, potenciando aquelas actitudes positivas de cambio.

Son obxectivos específicos do SAF, os seguintes:

1) Sinalar pautas de organización axeitadas, contribuíndo á creación de hábitos axeitados para garantir e mellorar as condicións de vida.

2) Apoiar, compensar e facer o seguimento na atención familiar en relación cos menores, naqueles casos onde a atención sexa deficitaria.

3) Apoiar as familias cando estas non poidan asumir totalmente o coidado das membros mais desprotexidos, ofertando apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social deses membros.

4) Evitar ou retardar o ingreso dalgúns membros da unidade familiar en centros asistenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible.

5) Implicar aos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática familiar.

6) Previr situacións de crise individual e/ou familiar prestando apoio persoal e social.

7) Apoiar a familia cando esta non poida realizar as funcións propias de integración e coidado dos seus membros.

8) Fomentar cambios favorables na dinámica familiar.

9) Implicar aos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.

10) Facilitar aos cuidadores familiares a dispoñibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizarse fora do domicilio.

Artigo 4º.—Prestacións.

O SAF ofrecerá unha atención integral e polivalente ás/os usuarias/os, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Tódalas atencións, actividades e tarefas ás que se fai referencia neste artigo, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades dos/as usuarios/as ou doutras persoas do seu entorno inmediato; e non eliminando nin substituíndo as tarefas que a/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

As actividades que se van desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos distintos profesionais doutros programas e proxectos do Servizo Sociais.

As distintas prestacións ás que se fai referencia neste artigo, deberanse desenvolver en catro ámbitos: preventivo, asistencial, rehabilitador e educativo.

Para a realización das diversas atencións a desenvolver dende o SAF, o/a usuario/a deberá dispor ou proveerse dos equipamentos e subministros necesarios, contando para iso, se é preciso, co apoio e asesoramento dos Servizos Sociais de Atención Primaria e/ou do persoal técnico da empresa/entidade adxudicataria do SAF.

As prestacións que se ofrecen dende o SAF concretaranse nos seguintes tipos de atencións :

1.—Atencións de carácter persoal:

Fai referencia a todas aquelas atencións dirixidas ó/a usuario/a do servizo cando non poida realizarlas por si mesmo/a ou cando precise apoio e/ou axuda para o desenvolvemento das seguintes actividades :

- a) Apoio e asistencia para erguerse e deitarse
- b) Apoio e/ou realización da hixiene persoal : baño, cambio de roupa, lavado do cabelo, e todo aquilo que requira a hixiene habitual, especialmente precisa en persoas encamadas e incontinentes.
- c) Control do réxime alimentario e axuda persoal para aqueles/as usuarios/as que non podan comer por si mesmos.
- d) Supervisión na toma da medicación e administración, se procede, de medicamentos simples prescritos polos facultativos
- e) Tarefas de compañía fora do fogar para a realización de trámites, xestións, visitas médicas, e outras.
- f) Mobilización dentro do fogar e orientación espacio-temporal (traslados, desprazamentos, cambios posturais, etc..)
- g) Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a
- h) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- i) Calquera outra atención de carácter persoal e específico necesarias para acadar a finalidade do servizo e sinalada no informe social.

2.—Atencións de carácter doméstico e da vivenda :

Enténdense como tales aquelas actividades e tarefas que se teñen que desenvolver no domicilio do/a usuario/a referidas a :

1. Limpeza da casa
2. Adquisición de alimentos e outras compras por conta do/a usuario/a
3. Preparación de alimentos no fogar
4. Lavar, pasar o ferro e reparar e ordenar a roupa

5. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade na vivenda

6. Pequenos arranxos elementais na vivenda do/a usuario/a

7. Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do usuario, e sinalada no informe social

Estas atencións poderán ser facilitadas en parte, no seu día, por servizo complementarios que poidan poñerse en funcionamento (lavandería, xantar sobre rodas, etc.) ben polo propio Concello, o por outras administracións.

3.—Atencións de carácter psico social e educativo:

Refírense ás intervencións de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, da organización da economía doméstica, da afectividade, da convivencia e estruturación familiar, e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do/a usuario/a. Considéranse atencións de carácter social e educativo as seguintes:

Organización doméstica

Axuda a integración e socialización do/a usuario/as

Cambios de hábitos de orde e limpeza

Apoio na organización do orzamento familiar

Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar e na estruturación familiar, relacionados coa súa normalización..

Práctica en habilidades sociais

Facilitar actividades de ocio no propio fogar.

Axuda no manexo da correspondencia, teléfono, etc.

Comunicación e dialogo co/a usuaria/o durante o tempo que dure a prestación.

Calquera outra tarefa necesaria para o desenvolvemento das capacidades persoais, de convivencia e de relación co entorno, e sinalada no informe social.

4.—Atencións de carácter técnico e complementario:

Inclúense aquelas xestións ou actuacións que se avalíen precisas e axeitadas, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para a mellora das condicións do mesmo, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situación de crise ou emerxencia, coa aplicación de recursos tales como a teleasistencia, axudas técnicas e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

CAPÍTULO III

DESTINATARIOS, REQUISITOS, DEREITOS E DEBERES

Artigo 5º.—Destinatarios.

O SAF é unha prestación dirixida a toda a poboación do Concello de Pontevedra en situación de

especial atención, e dicir, aquelas persoas ou unidades de convivencia, que polas súas capacidades físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen dalgunhas das atencións establecidas no artigo 4ª desta ordenanza.

Establécense dúas modalidades de destinatarios/as :

MODALIDADE A:

Poderán ser potenciais usuarios/as do SAF na Modalidade A, aquelas persoas e unidades de convivencia, que, sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encadren nun marco de problemáticas concretas tales como:

- a) Persoas con certo nivel de dependencia que non teñan apoio de ninguén e que con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar
- b) Persoas con discapacidade ás que a axuda no fogar lles poida mellorar seu nivel de desenvolvemento persoal
- c) Familias que teñen anciáns, persoas con discapacidades ou enfermos crónicos ó seu cargo e que precisan axuda para poder continuar atendéndoos.
- d) Persoas afectadas por unha lesión, enfermidades física ou mental ou por outros motivos, precisen das prestacións do servizo de axuda no fogar.
- e) Persoas e familias con grave risco de desestructuración.
- f) Familias con menores aos que haxa que coidar ou atender por ausencia dos pais ou titores, ou cando estes por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos, non poidan exercer as súas tarefas e non poidan proporcionarlles os coidados e atencións axeitadas.
- g) Outras situación persoais ou familiares que presente situacións de risco e/ou exclusión social.
- h) Situación de sobrecargas familiares por calquera outra circunstancia non sinalada anteriormente e que sexan avaliadas polos técnicos de Servizos Sociais como necesaria de ser atendidos dende o servizo de axuda no fogar.

En xeral, poderán ser usuarios do SAF aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de necesidade de atención, e que de acordo coa valoración das traballadoras sociais dos servizos sociais municipais de atención primaria, supoña o SAF o recurso idóneo de atención.

MODALIDADE B:

Serán usuarios/a do SAF na Modalidade B, aquelas persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grado e nivel, ó abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

Artigo 6º.—Requisitos de acceso.

O acceso ao Servizo de Axuda no Fogar producirase a través dos servizos sociais municipais de atención primaria do Concello de Pontevedra.

Os requisitos para poder ser usuarios/as do Servizo de Axuda no Fogar serán os seguintes:

MODALIDADE A

- a) Estar empadroadado e con residencia efectiva no Concello de Pontevedra.
- b) Atoparse nalgunha situacións sinaladas no artigo 5º da presente ordenanza.
- c) Formular a correspondente solicitude coa documentación, na forma e lugar establecidos na presente ordenanza.
- d) Que exista o Informe Social coa prescrición técnica do SAF favorable.

MODALIDADE B:

O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución.

- a) Estar empadroadado e con residencia efectiva no Concello de Pontevedra.
- b) Formular a correspondente solicitude coa documentación, na forma e lugar establecidos na presente ordenanza.
- c) Ter a resolución emitida polo órgano competente da Administración ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, do recoñecemento do grado e nivel de dependencia e a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

Artigo 7º.—Dereitos e obrigas das persoas usuarias.

As persoas ou unidade de convivencia usuarias do servizo de axuda no fogar, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no Capítulo terceiro, é en concreto no artigo 36, da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes dereitos:

Recibir a información que afecta ás condicións e contidos das prestacións.

Recibir as prestacións axeitadas as súas necesidades, coa calidade e condicións, contidos e duración que en cada caso se determinen.

Recibir orientación respecto de recursos alternativos que resultasen necesarios para a súa situación.

Recibir información das modificacións que puideran producirse no réxime da prestación.

Ser tratadas con respecto e dignidade.

Coñecer o regulamento do servizo e a organización do mesmo.

Ser tratados con confidencial os seus datos, ao abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Exercer o dereito de queixa conforme ás disposicións vixentes.

Presentar suxestións ao persoal responsable do servizo sobre a súa prestación.

Así mesmo, as persoas ou unidade de convivencia usuarias do SAF, ademais das obrigas sinaladas no artigo 37 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, terán as seguintes obrigas como persoas usuarias do SAF:

Adoptar unha actitude colaboradora e manter un trato correcto no desenvolvemento da prestación dos servizo, respectando a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo.

Achegar canta información sexa demandada en orde á avaliación das circunstancias persoais, familiares e sociais que poidan determinar a necesidade da prestación do servizo.

Informar de calquera cambio que se produza na súa situación persoal, familiar, social e económica, que puidera dar lugar á modificación, suspensión ou extinción da prestación do servizo.

Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas do persoal do servizo.

Poñer a disposición do persoal que desenvolve as tarefas do servizo, se fose o caso, os medios materiais e instrumentais necesarios.

Colaborar, na medidas das súas capacidades, no desenvolvemento do servizo e nos termos acordados no programa individual, asinado mediante contrato.

Respectar os límites das obrigas laborais das persoas que prestan o servizo.

Comunicar as ausencias temporais do domicilio que requiran unha suspensión temporal do servizo, con un mínimo de 15 días de antelación.

Participar no pagamento do servizo nos termos que figuren na resolución da concesión do servizo, debendo aboar a empresa/entidade adxudicataria do servizo, o prezo público mensual dentro dos 5 primeiros días de cada mes,.

CAPÍTULO IV

ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Artigo 8º.—Organización.

O SAF establécese con organización propia e révesvase ao Concello a competencia exclusiva das funcións de planificación, programación, dirección técnica do servizo, coordinación, execución, seguimento, supervisión, control e avaliación deste; así como a recepción, avaliación e resolución das solicitudes.

Sendo o SAF un servizo público municipal que presta o Concello, como Administración pública, no ámbito das súas competencias, será o contrato de xestión de servizo público regulado na lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos del sector público o sistema de xestión do mesmo.

Por outra banda os servizos poderán tamén ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as Administracións competentes ou por entidades de Dereito Público de acordo co establecido na lexislación vixente, así mesmo a iniciativa privada poderá prestar servizos sociais de conformidade co establecido no artigo 27º da Lei 4/1993. do 14 de abril de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións sinaladas no artigo 4º da presente ordenanza, serán sempre prestadas por persoal cualificado e contratado para o efecto, e poderán contar coa colaboración de voluntarios para o desenvolvemento de tarefas complementarias en actividades dirixidas á ocupación do ocio, acompañamento dentro e fóra do domicilio, e outras, sempre cunha intervención programada, coordinada e supervisada tecnicamente.

A extensión e intensidade das prestacións do Servizo de Axuda no Fogar que poidan recoñecerse, virá condicionada pola limitación dos orzamentos dispoñibles para este servizo.

Artigo 9º.—Relación Concello-usuario.

As persoas usuarias do S.A.D. se relacionarán co Concello a través da traballadora social dos servizos sociais de atención primaria da súa zona.

Prescrito o servizo, a/o usuaria/o e a/o traballadora/r social de zona firmarán un acordo do servizo, como documento formal onde se especificará a tipoloxía das prestacións a recibir, número de horas, días, data de inicio así como a contía a aportar pola/o usuaria/o.

No mesmo documentos se farán constar as normas de desenvolvemento así como as consecuencias que o non pago ou negligencia ou posibles desviacións do programa individual de atención, terán para ámbalas partes. Unha copia do documento se entregará a/o usuaria/o, outra a empresa adxudica-

taria do servizo e outra quedará no expediente do usuario.

En calquera dos casos o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

No caso de cambios ou modificacións da prestación do servizo durante a evolución da situación obxecto de intervención, se farán constar nun novo acordo do servizo, que anulará o anterior. As baixas, se se producen, se farán constar por escrito especificando os motivos, a data e as indemnizacións as que houbera lugar.

Artigo 10º.—Profesionais de intervención no SAF

No desenvolvemento da prestación deste servizo intervirán, nun primeiro nivel, os traballadores sociais dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Pontevedra, que desempeñan un labor de carácter técnico : diagnóstico, seguimento e avaliación.

Nun segundo nivel intervirán os profesionais e auxiliares de axuda no fogar encargados da execución do servizo .

O persoal que pode intervir no SAF estará composto polos profesionais que se sinalan, segundo os distintos niveis:

Primeiro nivel:

- a) A Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, como responsable dos servizos sociais ten, entre outras as seguintes funcións:
 1. Programación e avaliación xeral do servizo
 2. Deseño dos instrumentos de sistematización e xestión da demanda
 3. Supervisión e control da xestión do servizo.
 4. Estudio e análise das demandas e dos resultados.
 5. Supervisión e control do seguimento do servizo e coordinación, no seu caso, cos técnicos responsables da entidade prestadora do servizo.
- b) As Traballadoras Sociais das UTSs. Son os profesionais que reciben a demanda fará o estudio e avaliación da situación e deseñara o proxecto de atención individual ou familiar e do seguimento e avaliación do mesmo.

As traballadoras sociais das Unidades de Traballo Social dos servizos sociais de atención primaria do concello en relación co SAF, as súas funcións e tarefas serán as seguintes :

1. Información e asesoramento do servizo.
2. Estudar as demandas individuais, avaliar a situación e deseñar a proposta de atención.

3. Emitir o Informe Social preceptivo con proposta específica de atención, da intensidade e da participación no pagamento.

4. Estimular as responsabilidades dos familiares como cuidadores primarios

5. Avaliar e facer o seguimento de cada caso

6. Coordinarse cos profesionais que presten o servizo.

7. Formular as propostas de modificación do servizo: ampliación, redución ou suspensión do servizo.

8. Cumprimentar o expediente individual/familiar.

9. Realizar as xestión e tarefas necesarias para consecución doutros servizos e prestacións nos casos que sexa oportuno.

Segundo nivel:

O Concello ou entidade/empresa adxudicataria do servizo, debera contar con profesionais cualificados específicos para a execución do SAF, entre os que terá que ter, como mínimo, os seguintes:

1. Traballador/a Social. A ratio de persoal de traballadores/as sociais, deberá ser a lo menos, dun/ha traballador/a social a xornada completa por cada 50 persoas usuarias do servizo, como responsable do servizo. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias

Persoal técnico mínimo

50 a 99

1 traballador/a social a xornada completa

100 a 199

2 traballadoras/es social a xornada completa

200-399

3 traballadoras/es sociais a xornada completa

Incrementos sucesivos

Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 traballador/a social a xornada completa

As función asignadas, entre outras, serán as seguintes funcións:

Programación a execucións das propostas de intervencións deseñadas para cada caso

Asignación e supervisión de tarefas aos auxiliares de axuda no fogar.

Control da execución do servizo e dos profesionais que o desenvolven.

Estudio e análise de resultados

Supervisión e control do seguimento de cada caso dando conta aos profesionais dos servizos sociais municipais.

Reunións periódicas cos profesionais dos servizos sociais de atención primaria do concello

Prever situacións de marxinalidade e/ou illamento ou evitar que os problemas ou limitacións que presenten os usuarios xeren outros.

Reforzar a formación e reciclaxe do persoal que fai o traballo domiciliario.

Informar das incidencias na prestación dos servizo.

Favorecer o apoio social aos usuarios facilitando o labor dos voluntarios, fomentando o contacto co exterior.

Deseñar e supervisar a labor dos voluntarios, cando existan.

Realizar os informes sociais dos usuarios/as, cando así sexa preciso, para a axeitada promoción de novas prestacións a particulares, a petición dos servizos sociais municipais.

Emitir os correspondentes informes á Xefa da Oficina Técnica de Benestar Social do Concello de Pontevedra, que serán emitidos sempre que as circunstancias o fagan necesario, e que no suposto de supervisión e seguimento do servizo, será cada dous meses.

2. Auxiliares de axuda no fogar, como profesional que realizará tarefas de carácter doméstico e persoal en contacto directo coas persoas usuarias do servizo, a súa familia e o seu contorno. Son funcións súas:

1. Executar os servizos de limpeza do fogar, aseo persoal, etc, deseñados no proxecto de intervención.

2. De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar

3. Facer ao usuario protagonista do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenvolver por el mesmo.

4. Apoiar as persoas para crear ou manter hábitos de limpeza da casa, aseo persoal, control de menciñas, etc.

5. Actuar de enlace entre o usuario e os técnicos do servizo.

En relación cos auxiliar do axuda no fogar, deberán cumprirse co disposto no Real Decreto 331/1997, do 7 de marzo, polo que se establece o certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, ou ben co establecido no Real Decreto 295/2004, do 20 de febreiro, pola que se regula a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas a domicilio, sen prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida mediante experiencia laboral debidamente xustificada ou mediante aprendizaxes non formais, de maneira que regulamentariamente se estableza.

3. Persoal voluntario, se a entidade adxudicataria do servizo conta co mesmo, estes serán persoas,

con un mínimo de formación específica, que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de atención correspondente, complementado de xeito coordinado as funcións e tarefas do persoal sinalado anteriormente e nunca poderán suplir as funcións e tarefas dos profesionais.

Artigo 11º.—Calendario e horarios

O Servizo de Axuda no Fogar prestarase tódolos días laborais da semana, en horario normalizado de 8:00 horas ata as 22:00 horas, de luns a venres durante todo o ano, e excepcionalmente, os sábados, domingos e días feira dos, agás os días 24 e 31 de decembro en que se prestarán os servizos imprescindibles.

Esta excepcionalidade terá que vir informada no correspondente informe social da traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do concello.

Artigo 12º.—Atencións, intensidade, extensión e límites.

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención. Segundo a modalidade de acceso, estas serán :

Para usuarios/as Modalidade A:

As tipoloxías das prestación do servizo de axuda no fogar, como a intensidade do mesmo, horas, días e duración do servizo, será en cada caso a que se determine na resolución do expediente municipal.

Establecese en 90 horas mensuais o tope máximo de horas a prestar dende o Servizo de Axuda no Fogar.

A concesión do SAF estará condicionada pola dispoñibilidade orzamentaria municipal en cada momento.

Para usuarios/as Modalidade B:

As tipoloxías das prestación do servizo de axuda no fogar, así como a intensidade do mesmo, horas, días e duración do servizo, será en cada caso a que se determine na resolución do expediente da Administración Autonómica (PIA).

O establecemento dos tope máximos das intensidades das prestación quedarán sempre supeditadas á normativa vixente en cada momento da Administración Autonómica.

A concesión do SAF estará condicionada pola dispoñibilidade presupostaria derivada da subvención acadada da Administración Estatal e/ou Autonómica para a atención á dependencia pola Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia.

Artigo 13º.—Normas de desenvolvemento do servizo.

O desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar rexeráse por unhas normas básicas que atinxen tanto ós/ás traballadores/as como ás persoas usuarias do SAF. Estas normas e demais articulado da presente ordenanza será o regulamento de funcionamento do programa.

A normas que se sinalan a continuación, entregaránselle ao usuario/a xunto co acordo do servizo, Anexo II, que será asinado por este/as ou representante legal.

Independentemente dos normas que poidan ir implantándose no proceso de execución do servizo, por necesidade do mesmo, establécense como normas básicas as seguintes :

1. O tempo de atención en cada domicilio non superará ao establecido na resolución da concesión.

2. O tempo de atención, periodicidade e as funcións e tarefas a desenvolver, serán as establecidas na resolución do expediente de solicitude do SAF. As mesmas constarán no acordo do servizo asinado pola/o usuaria/o.

3. As actuacións da/o Auxiliar do SAF deberán axustarse ó proxecto técnico establecido. Non recibirá nunca ordes do/a usuario/a nin de familiares, senón do Concello e/ou empresa adxudicataria do servizo. A/O auxiliar do SAF axustarase ás normas detalladas no acordo do servizo e cando por calquera motivo a/o usuario/a queira modificar algún aspecto do mesmo, deberá informarlle que ter que solicitar a modificación no Concello, nas dependencias dos servizos sociais, que iniciará as xestións oportunas que dean lugar, no seu caso, a modificación da prestación.

4. A/O auxiliar do SAF non traballará no domicilio da/o usuaria/o en ausencia deste, e se por calquera motivo a/o usuaria/o non se encontra no domicilio no horario de atención, a/o auxiliar non está autorizada/o a esperar e deberá poñer en coñecemento da traballadora social do SAF a incidencia.

5. Calquera queixa ou suxerencia da/o usuaria/o respecto do servizo deberá poñelo en coñecemento da traballadora social do SAF ou da traballadora social do Concello, e non será dirimido entre a/o auxiliar do SAF e a/o usuaria/o.

6. Cando por calquera circunstancia fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar de axuda no fogar, poderá realizarse sen mediación da/o usuaria/o, se ben é preciso comunicalo previamente.

7. As/os usuaria/os quedan obrigados a comunicar calquera cambio de domicilio, teléfono ou datos económico e socio-familiares aos Servizos Sociais do Concellos.

8. A atención establecida no acordo do servizo e no proxecto de intervención individual non pode interferir nin limitar o dereito da/o usuaria/o á súa intimidade; en consecuencia a/o auxiliar do SAF

non poderá ser acompañada por ninguén alleo ao SAF cando accede ó seu traballo, e nunca fará comentarios da/o usuaria/o que atenten aos seus dereitos.

9. A/o usuaria/o correrá cos gastos dos produtos necesarios para a limpeza, aseo, comida, desprazamento ó médico ou para a realización de xestións, etc.... Só en casos especiais os servizos sociais municipais poderán avaliar a xestión dunha axuda económica por este concepto.

10. Cando se trate de apoio no aseo persoal, a/o usuaria/o disporá do xabón, cremas, colonias, etc que sexan de uso persoal e necesario para o seu aseo. E recibira da empresa adxudicataria do servizo as luvas de látex para uso das/os auxiliares domésticas/os do SAF.

11. A/O auxiliar do SAF non permitirá que sexa a/o usuaria/o quen oriente o servizo, e manterá unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.

12. Ós/ás auxiliares do SAF non lles estará permitido recibir ou custodiar diñeiro, xoias nin obxecto algún do/a usuaria/o.

13. A/O auxiliar do SAF non disporá de chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións da situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento da/o usuaria/o e aceptación da traballadora social responsable do SAF.

14. As/os usuarias/os absteranse de realizar comentarios sobre a vida persoal ou familiar da/o auxiliar doméstica/o do SAF.

15. As/os usuarias/os do SAF aboarán a tarifa correspondente, en tempo e forma e contía establecidos na resolución, e que estará suxeita á revisión anual ou posibles modificacións do servizo en función da variación da situación económica, socio familiar eu de autonomía persoal.

16. Se a/o usuaria/o comunica cunha antelación de 15 días a suspensión do servizo con carácter temporal por un período máximo de 3 meses por motivos xustificadas, poderase reservar a praza, e terá a redución correspondente. En caso contrario non se realizará desconto ningún da tarifa mensual correspondente ao número de horas concedidas. Respecto da suspensión do servizo, tarifas ou importes do copagamento, terase en conta o que determina a Ordenanza Reguladora do Preza Público do SAF

17. As/os usuarias/os presentarán, nos servizos sociais municipais, no mes de xaneiro de cada ano a documentación requirida para os efectos de revisión e continuidade do servizo.

18. O Servizo de Axuda no Fogar non elimina nin substitúe as actividades que a/o propia/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

19. A falta de colaboración da/o usuaria/o e/ou da familia/unidade de convivencia na execución das tarefas propostas, poderá ser motivo de baixa no servizo.

20. A traballadora social responsable do SAF garantirá a supervisión do efectivamente prestado, realizada sempre que as circunstancias o fagan necesaria, e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses, do que deixará constancia en cada expediente individual. Tal supervisión revisará ou axustará, de se lo caso, as prestacións expresadas no proxecto de atención e no acordo de servizo.

Este regulamento será exposto publicamente.

No suposto de que a xestión do Servizo de Axuda no Fogar sexa externa ao Concello, a empresa adxudicataria do servizo ademais das normas sinaladas anteriormente que sexan de aplicación, deberá axustarse a normativa orgánica de protección de datos de carácter persoal e disposicións sectoriais autonómicas, así como as seguintes normas:

A) A empresa adxudicataria para a prestación do servizo, terá que contar cun regulamento de funcionamento do servizo, onde ademais de recoller todo o establecido na presente ordenanza, deberán figurar o seguinte:

O protocolo de actuación para a intervención nos casos de urxencia e de incidencias.

Os horarios de atención ao público nas oficinas centrais da empresa.

O límite dos horarios de atención nos domicilios, establecidas polo Concello.

Os protocolos establecidos para as substitucións das auxiliares de axuda no fogar.

O cadro do persoal de atención, cos horarios de permanencia nos domicilios e datos de localización.

Un libro de reclamacións.

B) Así mesmo a empresa adxudicataria no proceso de xestión do servizo, unha vez o Concello lle comunique a alta dun/ha usuario/a, deberá abrir un expediente individual por cada persoa usuaria ou unidade de convivencia, que deberá contar con:

Copia da Resolución da alta

Copia do acordo do servizo

Copia do Informe Social dos servizos sociais de atención primaria.

Identificación dos profesionais asinados á atención directa

Informes de seguimento do caso.

Calquera outra comunicación o incidencia que teña relación coa a atención prestada.

CAPÍTULO V

PROCEDEMENTO

Artigo 14º.—Iniciación.

O proceso iniciárase a solicitude da persoa interesada, ou de oficio no caso de que no marco do proxecto de intervención social que se estea levando a cabo polos servizos sociais municipais de atención primaria, se detecte unha situación de especial vulnerabilidade que requira da aplicación do recurso do servizo de axuda no fogar.

A solicitude formularase por escrito en modelo formalizado, recollido no Anexo I da presente ordenanza, que se facilitara nas dependencias municipais de Servizos Sociais e no Rexistro Xeral do Concello, onde deberá ser presentada, ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

A solicitude, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI do/a solicitante.
2. Volante de empadramento colectivo dos membros de convivencia.
3. Fotocopia da cartilla de asistencia sanitaria.
4. Xustificantes de ingresos económicos de todos os membros da unidade de convivencia, mediante os documentos que se sinalan:

1 copia compulsada da última declaración fiscal da renda ou certificación negativa de non facela. De non ter estar deberán presentar:

1.1 certificacións de pensións ou prestacións percibidas no último ano impositivo

1.2 fotocopia compulsada das nóminas correspondentes ao último ano impositivo

1.3 o suposto de percepción de ingresos irregulares en contía e periodicidade, tomarase a contía percibida nos doce meses anteriores a da solicitude.

2 certificacións catastrais sobre bens rústicos, urbanos e industriais correspondentes ao último ano fiscal impositivo,

3 calquera outro documento acreditativo da situación económica-laboral (vida laboral, certificación desemprego, etc.).

5.Cando corresponda, informe médico que acredite a carencia de autonomía, estado de saúde e prescrición de tratamentos.

6.Cando corresponda, resolución do recoñecemento da dependencia e resolución do PIA.

No supostos de alta de oficio e sempre a criterio da Xefa de Servizo de Benestar Social, poderá iniciarse a atención coa formación a posterior do expediente.

Artigo 15º.—Instrución do procedemento

Unha vez presentada a solicitude no Rexistro Xeral do Concello, as traballadoras sociais das UTSS dos servizos sociais de atención primaria do Concello, procederán a apertura do expediente individual/familiar e a avaliación da solicitude ao abeiro do baremo establecido na presente ordenanza.

O modelo de informe social para baremación das solicitudes é o documento técnico onde quedará reflectida a avaliación da capacidade de autovaleamento, a situación económica, social e familiar do solicitante e da unidade de convivencia, e outros datos de interese para a resolución da solicitude, así como a proposta técnica do proxecto de atención.

Nos supostos dos demandantes do servizo na Modalidade B, por parte das traballadores/as sociais dos servizos sociais municipais de atención primaria non se realizara a avaliación da situación no informe social, por vir deseñado no proxecto técnico no PIA. Debendo formular só a proposta do proxecto de atención.

O expediente aberto coa solicitude e maila documentación e o informe social remitiráselle á Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social.

A Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social emitira o informe final de avaliación do expediente, coa proposta de resolución, e data prevista de alta no servizo, segundo a dispoñibilidade de horas existentes, que será elevada á Dirección Xeral de Benestar Social e Educación para o visto e prace.

A Alcaldía ou órgano competente ditará a resolución correspondente, sen prexuízo do réxime de delegación desta competencia de conformidade co artigo 124 LBRL. Dita resolución deberá ser notificada ó/á interesado/a.

No caso de que a resolución da solicitude sexa positiva, e en función da dispoñibilidade do servizo ó abeiro do informe da Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, o solicitante pasará a ser dado de alta no SAF, ou ben incorporado á lista de espera (coa excepción dos solicitante da Modalidade B), ocupando o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala baremación do mesmo. No caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude.

Unha vez se aprobe a alta no SAF, a Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social terá que comunicar empresa/entidade adxudicataria da xestión do SAF, a alta e o programa individual de intervención, que deberá producirse no prazo máximo de sete días dende a comunicación. Unha vez que a empresa adxudicataria comunique a alta á Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, esta deberá emitir o correspondente informe

á Xefa de Servizo para o seu traslado aos Servizos da Intervención Municipal.

As demandas da Modalidade B que non podan ser dados de alta por non existir dispoñibilidade no servizo, se comunicará á Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (no seu día a quen teña as competencias da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia), segundo o establecido no artigo 17 da presente ordenanza.

No suposto de que un/unha solicitante da Modalidade A supere os seis meses na lista de espera, ou a data de solicitude non se corresponda co mesmo ano económico da previsible data de alta, antes de proceder a súa alta como usuario do SAF será preceptiva unha nova avaliación da situación .

Os usuarios do Servizo de Axuda no Fogar se relacionarán co Concello a través da/o traballadora/or social de zona.

Para a posta en funcionamento do servizo será requisito previo imprescindible que o/a usuario/a interesado/a asine un acordo de servizo. Desta maneira, unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, acordarase entre os servizos sociais de atención primaria do Concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo de servizo. Asinará así mesmo os impresos ou formularios que a intervención municipal estableceza para o cobro da prestación do servizo, no suposto de ter que contribuír ao pago do mesmo

No caso de cambios ou modificacións da prestación do servizo durante a evolución de la situación obxecto de intervención, se farán constar un novo documento de acordo de servizo que anulará o anterior. As baixas, se se producen, se farán constar por escrito especificando os motivos, a data e as indemnizacións as que houber lugar.

Os/as usuarios/as do SAF estarán obrigados a comunicar á Oficina Técnica de Benestar Social calquera modificación que se produza con respecto ó cambio de domicilio, teléfono, as ausencias, así como a variación na súa situación socioeconómica persoal e familiar.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

Nunha conxuntura de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada da Alcaldía ou Concellería delegada responsable da Área en Servizos Sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de xeito inmediato, a proposta dos servizos sociais de atención primaria do Concello, sen prexuízo, da posterior instrución do procedente expediente.

Artigo 16º.—Avaliación da situación de necesidade para acceder ao SAF e acceso. Baremo de aplicación.

Establecese dous sistemas de avaliación para o acceso ao Servizo de Axuda Fogar:

PARA USUARIOS/AS MODALIDADE A:

Establecese como sistema para a concesión do servizo o de avaliación das solicitudes mediante un baremo que permita o outorgamento dunha puntuación a cada expediente en razón directa ao grao de necesidade estimada, mediante a avaliación acumulada de distintos factores da unidade de convivencia.

O baremo de situación de necesidade establece un sistema de puntuación que terá en conta o grao de autonomía persoal, a situación socio-familiar, a situación económica, a idade do beneficiario e outros factores que afecten á convivencia familiar o que incidan na convivencia.

En relación cos conceptos de unidade de convivencia e rendas computables, terase en conta o establecido no punto C deste artigo.

O baremo que se establece deberá contar coas seguintes variables:

A.—Grado de autonomía:

O grao de autonomía apreciarase segundo os niveis de contraste que ofrezan a situación do usuario segundo o informe médico presentado. Estes niveis podarán ser de completa dependencia, de limitacións severas, limitacións lixeiras e autonomía completa.

1) O grado de completa dependencia aplicarase a familias e a persoas con discapacidade o enfermidade que requiran atención de intensidade alta e/ou continuada, ben por parte da familia o en réxime de aloxamento en centros especializados (centros de día u outros).

2) O grao de limitacións severas aplicarase aos casos que requiran atención media e/ou continuada, nos que o Servizo de Axuda no Fogar completa as carencias do/a usuario/a.

3) O grado de limitacións lixeiras aplicarase aos casos que requiran asistencia circunstancial e/ou descontinua do Servizo de Axuda no Fogar.

B.—Situación socio-familiar.

O criterio orientador a ter en conta será o da dispoñibilidade na atención, ante situacións manifestadas de necesidade no entorno do fogar familiar, sen perxuízo das accións que puideran exercitarse para garantir o cumprimento das obrigas de coidado dos pais respecto aos fillos e destes respecto de aqueles, previstas no Código Civil.

C.—Situación Económica.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo.

No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

6. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Establecese un mecanismo de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, a efectuar no mes de xaneiro de cada ano.

D.—Outros factores:

Valorarase calquera outra circunstancia, no valorada nos apartados anteriores, e que o/a traballador/a social estime que incide negativamente na situación de necesidade da persoa ou familia solicitante. Circunstancia que deber ser suficientemente motivada no informe social.

E.—Idade:

Estableceranse intervalos de idade: a maior idade maior puntuación.

O baremo ponderado dos factores a computar para o acceso ao SAF e sinalados anteriormente figuran no Anexo III da presente Ordenanza. A puntuación obtida establecerá a orde de priorización de acceso ao servizo, en orde de maior a menor, tendo que obter unha puntuación mínima de 39 puntos para poder acceder ao Servizo de Axuda no Fogar.

PARA USUARIOS/AS MODALIDADE B:

Non se realizará avaliación por parte das/os traballadoras/es sociais municipais, dado que o acceso ao servizo é directo, segundo o sinalado no artigo seguinte. As traballadoras sociais, debendo realizar proxecto de atención correspondente á resolución do PIA.

O Informe de proposta de alta da Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, deberá axustarse ao proxecto de atención elaborado polas traballadoras sociais dos servizos sociais de atención primaria do Concello e a correspondente resolución do PIA da valoración da dependencia.

No suposto de que puideran existir contradicións entre o establecido no PIA e o proxecto de intervención dos servizos sociais do Concello, por parte destes, solicitarase da Administración Autonómica unha nova valoración.

Artigo 17º.—Acceso ao Servizo de Axuda no Fogar.

PARA USUARIOS/AS MODALIDADE A :

Establecese o sistema de libre concorrencia, que poderá ser a instancia de parte de conformidade ca Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común; ou de oficio, cando as circunstancias debidamente acreditadas no expediente o xustificuen.

Para ser usuarios/as do SAF deberán alcanzarse, a lo menos, 39 puntos na avaliación do expediente segundo a aplicación do baremo establecido na artigo 16 da presente ordenanza.

A orde de prelación para o acceso ao SAF, establecerase segundo a puntuación acadada polo

seu expediente trala aplicación do baremo sinalado, iniciándose a concesión de maior a menor puntuación. Coa excepcionalidade dos suposto de intervención familiar, cando a alta sexa de oficio por necesidade urxente avaliada pola Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, previo informe social da traballadora social correspondente.

No caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

No suposto que a demanda supera a dispoñibilidade orzamentaria, se configurara unha listaxe de espera por orde de puntuación, que establecera a orde de alta no servizo .

Para usuarios/as Modalidade B :

Accederán ao SAF por procedemento directo, aquelas persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grado e nivel, ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e consente co establecido no Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito de acceso as prestacións económicas do sistema para a autonomía persoal e atención a dependencia, e na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidade de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

No suposto que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a priorización para a concesión será de maior a menor grao de dependencia e nivel. No caso de igualdade, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello. No suposto que a demanda supera a dispoñibilidade orzamentaria para a atención a dependencia, procedente da subvención concedida pola Xunta e Galicia - Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-, e non podan ser dados de alta, o Concello deberá comunicarllo á Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (no seu día a quen teña as competencias da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia).

Artigo 18º.—Causas de extinción, modificación ou suspensión temporal do servizo.

Con carácter xeral, por tratar dun servizo asignado pola administración, a extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo de axuda no fogar, requirirá a tramitación do corres-

pondente expediente, co trámite de audiencia da persoa interesada cando proceda, e a resolución da Alcaldía ou da Concelleira delegada responsable dos servizos sociais.

Serán causas de extinción do servizo de axuda no fogar, e por conseguinte a baixa no mesmo, as seguintes :

- a) Pasamento do/a usuario/a.
- b) Ingreso en residencia de maiores do/a usuario/a.
- c) Traslado definitivo da súa residencia fora do Concello de Pontevedra.
- d) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas
- e) A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas ou tres alternas por causa imputable ao usuario.
- f) Incumprimento das condicións do contrato.
- g) A non aceptación ou incumprimento das normas do servizo.
- h) Ocultación de datos decisivos. No caso de tratarse de datos económicos poderá supoñer o reintegro do 100% do custo do servizo dende a data de alta neste.
- i) Renuncia voluntaria, neste caso deberá asinar o/a usuaria/a o documento de cesamento, e quedará invalidada toda vinculación co Concello.
- j) A permanencia no domicilio de familiares ou persoas obrigadas a prestarlle as atencións, cando exceda de dous meses, dará lugar a extinción, segundo o informe social da traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello. (Non aplicable aos usuarios/as da Modalidade B).
- k) Ausentarse do domicilio a/o usuaria/o cando excede de 3 meses supoñerá a extinción do servizo, excepto naqueles casos nos que tratándose dunha hospitalización se considere necesario manter as labores de acompañamento persoal u outras.
- l) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Serán causas de modificación das condicións da prestación do servizo de axuda no fogar as seguintes:

A recuperación da autonomía persoal ou familiar.

A modificación dalgunhas das causas que motivarán a súa concesión.

Serán causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar as seguintes:

Ausencia temporal do domicilio da persoa usuaria. Esta deberá acreditar as causas da ausencia, que quedarán debidamente xustificadas no expe-

diente .Neste suposto o servizo poderá suspenderse ata un máximo de 3 meses.

Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo. A suspensión do servizo durará mentres persista o cambio das circunstancias causantes da situación.

En calquera das causas sinaladas, será necesario o informe social do/a traballado/a social, co visto e prace da Xefa da Oficina Técnica de Benestar Social, que deberá ser incorporado ao expediente individual/familiar.

CAPÍTULO VI

CUSTO E FINANCIAMENTO DO SERVIZO

Artigo 19º.—Custo e financiamento do servizo.

O servizo de axuda no fogar financiaranse coas achegas da Administración Xeral do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, do Concello de Pontevedra, e coas achegas dos propios os/as usuarios/as do SAF de acordo co establecido no título 7 da Lei 4/1993, de servizos sociais, ou texto legal que a derroque e substitúa.

Ó tenor do establecido nos artigos 2, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación dos Servizos de competencia da entidades locais, sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.B) desta Lei.

Artigo 20º.—Participación do usuario no financiamento do servizo.

O Concello regulara e xestionara o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas, mediante a correspondente ordenanza.

Os/as usuarios/as do SAF colaboraran, en función das súas posibilidades, ao financiamento do custo do Servizo, podendo ser clasificados en dous grupos: os/as exentos de pagamento e os/as de pagamento porcentual, en función das súas posibilidades económicas.

Os criterios para determinar a participación dos usuarios/as no custo do servizo serán os seguintes :

Para usuarios/as Modalidade A:

As persoas usuarias colaborarán no financiamento do SAF en función da capacidade económica obtida segundo o establecido no artigo 16º da presente ordenanza.

Os criterios para determinar a participación das persoas usuarias no financiamento do servizo serán os seguintes :

1 Tendo en conta o carácter social e de servizo público do Servizo de Axuda no Fogar, dado que é unha das prestacións básica de servizos sociais, establececese que en ningún caso a contribución económica da persoa usuaria poderá ser superior ao 90% do custo efectivo do servizo prestado.

2 No suposto de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

3 Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa de pagamento do servizo:

1.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% e non excedan do 150% do IPREM aboaran o 5% do custo do servizo

2.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 150% e non excedan do 200% do IPREM aboaran o 10% do custo do servizo

3.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 200% e non excedan do 250% do IPREM aboaran o 15% do custo do servizo

4.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 250% e non excedan do 300% do IPREM aboaran o 20% do custo do servizo

5.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% e non excedan do 350% do IPREM aboaran o 30% do custo do servizo

6.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 350% e non excedan do 400% do IPREM aboaran o 40% do custo do servizo

7.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 400% e non excedan do 450% do IPREM aboaran o 50% do custo do servizo

8.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 450% e non excedan do 500% do IPREM aboaran o 60% do custo do servizo

9.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% e non excedan do 550% do IPREM aboaran o 70% do custo do servizo

10.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 550% e non excedan do 600% do IPREM aboaran o 80% do custo do servizo

11.Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 600% e non excedan do 650% do IPREM aboaran o 90% do custo do servizo

4.Poderán acceder ao SAF en réxime de gratuidade e de forma excepcional, e sempre a proposta da Xefa de Sección da Oficina Técnica de Benestar Social, aqueles casos nos que a prestación se conceda como unha medida de control necesaria para os casos nos que se advirtan situacións de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar por situacións de desestructuración familiar e/ou exclusión social.

Para usuarios/as Modalidade B:

A porcentaxe da achega dos/as usuarios/as do SAF na Modalidade B quedarán sempre supeditadas á establecida pola Xunta de Galicia na resolución do Plan Individual de Atención da valoración de dependencia..

No suposto de non figurar na resolución do PIA a achega do beneficiario ao custo do servizo, se aplicará a táboa establecida para os usuarios da modalidade A .

Artigo 21º.—Documento do procedemento.

Para una xestión homoxénea do servizo de axuda no fogar, os documentos establecidos no procedemento de xestión serán elaborados pola Dirección Xeral de Benestar Social e Educación do Concello, e mediante a correspondente instrución serán de aplicación por todos os traballadores sociais dos servizos sociais de atención primaria do Concello.

Estes documentos serán os seguintes e cos contidos que se sinalan:

Solicitude segundo o modelo que se achega como Anexo I da presente ordenanza

Informe social para baremación das solicitudes é o documento técnico onde queda reflectida a avaliación da capacidade de autovalemento, a situación económica, social e familiar do solicitante e da unidade de convivencia, e outros datos de interese para a resolución da solicitude, así como a proposta técnica do programa de intervención. que dará resposta ao establecido no artigo 16 da presente ordenanza.

Acordo de servizo que deberá asinar a persoa usuaria ou representante legal, como compromiso de respecto ás normas do servizo, así como a aceptación das tarefas que vai desenvolver, horarios, días e a achega económica correspondente, segundo o establecido no artigo 15 desta ordenanza. Anexo II.

Normas de desenvolvemento : Tal como se establece no artigo 13 da presente ordenanza, o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar rexeráse por unhas normas básicas que atinxen tanto ós/ás traballadores/as como ás persoas usuarias do SAF. Estas normas e demais articulado da presente ordenanza será o regulamento de funcionamento do programa.

Baremo, establecido para a avaliación dos expedientes e priorización das necesidades, que deberá recoller todos os conceptos sinalado no artigo 16 da presente ordenanza. Anexo III

Táboa de copago: para determinar as achegas dos/as usuarios/as ao custo do prezo público do servizo, que anualmente serán revisadas anualmente a tenor do establecido no artigo 20 desta ordenanza.

Informe médico onde quede reflectido o grao de autonomía apreciarase segundo os niveis de contraste que ofrezan a situación do usuario. Estes niveis podarán ser de completa dependencia, de limitacións severas, limitacións lixeiras e autonomía completa. Anexo IV.

Listaxe/ padrón de usuarios/as onde quede reflectido o nome e apelidos do usuario, horas e días de prestación, tipoloxía das prestacións, capacidade económica, custo do servizo e a porcentaxe e contía da achega ao custo do servizo por parte do/a usuario/a.

A Dirección Xeral de Benestar Social e Educación poderá desenvolver, mediante instrucións, os criterios de avaliación técnica e de xestión, que incorpore novas apreciacións de circunstancias sociais contidas na presente ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL: Prezo público e procedemento de cobro.

Ó abeiro do establecido nos artigos 2, 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais o Concello de Pontevedra aprobará a correspondente ordenanza reguladora do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar.

Ao abeiro do establecido artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e a tenor do carácter social do Servizo de Axuda no Fogar, o Concello fixará as achegas dos/as usuarios/as por debaixo do custe do prezo público, en razón directa cos ingresos das correspondentes unidades de convivencia.

Ó abeiro do establecido no artigo 18º e 19º da presente ordenanza e en relación co establecido co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, mentres non se regule o prezo público pola prestación dos Servizos de Axuda no Fogar, as resolucións de acceso ao SAF serán en réxime de gratuidade, ata a data do día primeiro día do mes seguinte da entrada en vigor da ordenanza fiscal, na que se terá que aplicar as tarifas correspondentes segundo esa ordenanza.

A obriga de pago nace dende a data de alta efectiva do/a usuario/a no Servizo de Axuda no Fogar e extínguese coa finalización da prestación do servizo por calquera das causas sinaladas no artigo 18º da presente ordenanza.

O procedemento de cobro será o que determinen os órganos competentes do Concello de Pontevedra na correspondente ordenanza reguladora do prezo público.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza derrogará a disposición vixente na actualidade, aprobada pola Alcaldía en data 25 de abril do 2000, e entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, 21.04.2009.—O Secretario Xeral do Pleno, José Luis Mato Rodríguez. **2009004531**

* * *

BAIONA**E D I C T O**

Aprobado inicialmente por el Pleno del Ayuntamiento de Baiona, en sesión de 23 de abril de 2009, el Presupuesto General del Ayuntamiento de Baiona para el año 2009, junto con sus anexos y la documentación citada en el artículo 168 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se anuncia la exposición al público por un plazo de 15 días hábiles, de conformidad con el artículo 169.1 del R.D. Legislativo 2/2004, al objeto de que los interesados que lo estimen oportuno puedan presentar reclamaciones y sugerencias al mismo.

Baiona, a 23 de abril de 2009.—El Alcalde, Jesús Vázquez Almuiña. **2009004620**

* * *

CALDAS DE REIS**A N U N C I O**

O pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de abril de 2009, aprobou con carácter provisional a modificación de crédito número 1/09, na modalidade de crédito extraordinario, financiado mediante remanente líquido de tesourería. A partir da data de inserción deste anuncio no B.O.P. ábrese un período de exposición ó público do

nomeado expediente, de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinalo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De no presentar reclamacións, de conformidade co disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais, a citada modificación crediticia entenderase aprobada con carácter definitivo.

Caldas de Reis, 27 de abril de 2009.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey. **2009004743**

* * *

COTOBADE**A N U N C I O**

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico do ano 2008, e informada pola Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada en data 20 de abril de 2009, expónse ó público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e formularse as reclamacións, reparos ou observacións que se estimen pertinentes durante dito prazo de exposición e os oito seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Cotobade, a 24 de abril de 2009.—O Alcalde, Manoel Loureiro Adán. **2009004742**

* * *

O I A**E D I C T O**

Solicitou D^a Encarnación Fernández Martínez licenza municipal para a construción dunha nave avícola para produción de carne en Mouta, na parroquia de Oia, neste termo municipal. Dita edificación ten unha superficie total construída de 1.237,60 m². Cumprindo co disposto no parágrafo a), do número 2 do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de decembro de 1961, sométese a información pública polo período de dez días, co fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no “Boletín Oficial” da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Oia, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Oia, a 16 de abril de 2009.—O Conselleiro de Urbanismo, Camilo González Giráldez. **2009004746**

CAMBADOS*Asunto: Notificación de propuesta de resolución de expedientes sancionadores de tráfico*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola imposibilidade de practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de propostas de resolución de expedientes sancionadores en materia de tráfico, polas que se da por rematada a instrución dos respectivos expedientes, propoñendo ao órgano encargado da resolución dos procedementos a desestimación das alegacións presentadas, e a elevación dos expedientes para que dite resolución definitiva, de conformidade co disposto no art. 13.2 do RD 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Os interesados dispoñen dun prazo de 15 días de audiencia, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio para que, á vista do expediente poidan presentar as alegacións ou achegar documentos ou outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta ao ditar a resolución definitiva. Comunícase aos interesados a posta de manifesto dos documentos obrantes nos expedientes relacionados nas oficinas do ORAL-Deputación de Pontevedra, en virtude co convenio de colaboración suscrito entre este concello e o dito Organismo, conforme á legalidade vixente, para a colaboración na xestión e recadación dos procedementos sancionadores de tráfico.

| NIF Infractor NOME E APELIDOS | CONCELLO | PROVINCIA | Nº Expediente | Art / Lei | MATRICULA | LUGAR DENUNCIA | Data / Hora Infracción | Importe | Puntos |
|---------------------------------------|----------|------------|---------------|-----------|-----------|-------------------------|------------------------|---------|--------|
| 76825009H DOMINGUEZ PADIN DEIBI | SANXENXO | PONTEVEDRA | 8335/2008 | 171/RGC | 4911BFZ | RU Pardo Bazan nº0 | 30/09/2008/12:47 | 90,00 | 0 |
| 76857651T TRONCOSO GARCIA MARIA LUISA | CAMBADOS | PONTEVEDRA | 11349/2008 | 94/RGC | 2563FXN | PZ Ramon Cabanillas nº0 | 12/11/2008/22:45 | 92,00 | 0 |

Cambados, a 24 de marzo de 2009.—O/a Alcalde/sa, ilexible.

2009004660

* * *

L A L Í N**E D I C T O***Asunto: Notificación de resolución de expedientes sancionadores en materia de tráfico*

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por non terse podido practicar a notificación no último domicilio coñecido, fanse públicas as seguintes notificacións de resolución de expediente sancionador en materia de tráfico polas que se comunica que esta Alcaldía, á vista das dilixencias practicadas acordou dictar resolución sancionadora e dar por concluídos os respectivos expedientes.

O interesado deberá facer efectiva a sanción dentro dos 15 días hábiles seguintes á data da súa firmeza, coa advertencia de que, de non facelo, procederase ó seu cobro pola vía executiva, incrementado a sanción cos recargos establecidos no artigo 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso cos correspondentes intereses de demora (artigo 21 do RD 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Alcaldía no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, contados en ambos casos a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que o interesado poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

De presentar recurso potestativo de reposición, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que o primeiro sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo. Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra dentro do prazo de seis meses. Pode consultar o seu saldo de puntos en www.dgt.es.

Trancorrido o prazo sinalado sen a interposición do recurso de reposición, as resolucións serán firmes en vía administrativa. No momento de adquisición de firmeza, respecto daquelas infracción onde se especifique, os interesados que figuran na seguinte relación perderán os puntos que se sinalan, que serán comuni-

cados á Dirección Xeral de Tráfico para a súa anotación no rexistro de condutores e infractores (Lei 17/2005 do 19 de xullo, BOE 20 de xullo). Pode consultar o seu saldo de puntos en www.dgt.es.

| NIF Infractor | NOME E APELIDOS | CONCELLO | Nº Expediente | Art / Lei | Data / Hora Infracción | Importe | Puntos |
|---------------|----------------------------------|------------------------|---------------|-----------|------------------------|---------|--------|
| 19883127H | GONZALEZ LOPEZ MARIA JOSEFA | VILAGARCIA DE AROUSA | 3127/2008 | 94/RGC | 04/04/2008/13:00 | 150,00 | 0 |
| 35244979D | GARCIA OTERO MARIA ANGELES | LALIN | 8030/2008 | 4/OC | 09/09/2008/19:40 | 40,00 | 0 |
| 32443117 | HORTA CARIDAD ELENA | CORUÑA A | 8883/2008 | 4/OC | 24/09/2008/18:05 | 40,00 | 0 |
| 32443117 | HORTA CARIDAD ELENA | CORUÑA A | 8891/2008 | 4/OC | 01/10/2008/18:50 | 30,00 | 0 |
| 36110244 | GONZALEZ RODRIGUEZ YOLANDA MARIA | VIGO | 9192/2008 | 4/OC | 02/10/2008/11:45 | 40,00 | 0 |
| 76801681N | VERDE CONDE JOSE | SILLEDA | 9915/2008 | 4/OC | 18/10/2008/12:50 | 40,00 | 0 |
| 11923407T | VAZQUEZ VAZQUEZ BEGOÑA | LALIN | 9931/2008 | 4/OC | 06/10/2008/10:25 | 40,00 | 0 |
| 34943152B | ESPIÑA LOPEZ JUAN MANUEL | LALIN | 9938/2008 | 94/CIR | 08/10/2008/22:50 | 90,00 | 0 |
| 2133007 | SANCHEZ BALSEIRO MARGARITA | PONTEVEDRA | 10054/2008 | 4/OC | 14/10/2008/13:05 | 40,00 | 0 |
| 76617936 | FERNANDEZ LOPEZ RAFAEL | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 10115/2008 | 4/OC | 15/10/2008/12:35 | 40,00 | 0 |
| 35287349J | BARREIRO REBOREDO JOSE LUIS | MARIN | 10122/2008 | 4/OC | 09/10/2008/10:42 | 40,00 | 0 |
5.1. As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello

de Vilanova de Arousa, acompañando a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- b) Carta de pago xustificativa do ingreso dos dereitos de exame nos que conste claramente a identidade do aspirante. Os ditos dereitos de exame ascenden á cantidade de 25,00 euros.
- c) Documentación acreditativa, mediante orixinal ou fotocopia compulsada, dos méritos que se aleguen na fase de concurso, entre os establecidos no baremo.
- d) Declaración de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria para o posto de traballo ao que se aspira.

5.2. No Rexistro Xeral do Concello facilitaranse modelos normalizados das devanditas instancias/ solicitudes, que tamén poderanse obter a través da páxina web do Concello www.vilanovadearousa.com

5.3. O prazo para a presentación de instancias solicitando tomar parte no proceso de selección será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, previa publicación do texto íntegro das bases e convocatoria no Boletín da Provincia e do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

5.4. A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Vilanova de Arousa ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, RJ-PAC. As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificada.

5.5. O pago dos dereitos de exame, poderá realizarse directamente na Tesourería do Concello de Vilanova de Arousa, ou ben mediante xiro postal ou telegráfico, ou transferencia bancaria dirixida ó Concello. En ningún caso, a mera presentación ou o pagamento dos dereitos de exame suporá unha substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da instancia/solicitud. Os aspirantes quedarán vinculados pola presentación de instancias/ solicitudes, polo que non se admitirá devolución de dereitos de exame agás que sexan excluídos definitivamente da relación de admitidos por incumprimento das condicións esixidas. A tal efecto o reintegro realizarase de oficio para o que terán que facer constar a entidade bancaria e o número de conta na súa instancia/solicitud. De non figurar estes datos, o aspirante deberá formular petición expresa de reintegro dos dereitos de exame, facendo constar os datos bancarios, no prazo máximo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación, da lista definitiva de admitidos e excluídos. En caso contrario entenderase que renuncia á devolución dos dereitos de exame.

5.6. As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través de representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5.7. Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitud e, no seu caso, solicitarán en escrito anexo á instancia as posibles adaptacións de tempo e de medios para realiza-los exercicios nos que a dita adaptación fose necesaria, axuntando a documentación xustificativa correspondente.

5.8. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitud, se ben os erros de feito

que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio ou ben de instancia de parte.

SEXTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1. Rematado o prazo de presentación de instancias ou solicitudes e trala súa revisión e clasificación polos servizos administrativos do Concello, o Presidente do Tribunal ditará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión. Darase publicidade á dita lista, mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello.

6.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para subsanar os defectos a que alude o art. 71 da Lei 30/92, RJ-PAC, que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dez días sen reclamacións a lista de admitidos queda elevada automaticamente a definitiva. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarse a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

6.3. Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos, os aspirantes interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir da publicación definitiva da mesma.

6.4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos, non prexulga que se lles reconeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente como paso previo ao nomeamento que corresponda trala superación do mesmo.

SÉTIMA.—TRIBUNAL.

7.1. O tribunal que vulgará o proceso selectivo será o seguinte

Membros titulares:

Presidente: Javier Bouzada Romero; Secretaria: Magdalena Méndez Suárez; Vocais: Mónica Bello Novo, José Ramón García Guinarte e M^a José Cidón Conde.

Membros suplentes:

Presidente: M^a del Carmen Merino Moína; Secretaria: Susana Serantes Álvarez; Vocais: Silvia Santos García, Jorge María López e Javier Villaronga García.

7.2. As modificacións que no seu caso procedan na dita composición publicaranse soamente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web.

7.3. O tribunal poderá acordar e autoriza-la incorporación ás sesións de asesores ou colaboradores que actuarán con voz e sen voto e con plena autonomía no desempeño das súas funcións cando a circunstancias ou o carácter dalgunha das probas así o aconselle.

7.5. Aos membros do tribunal seranlles de aplicación os motivos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/92 RJ-PAC.

7.6. O Tribunal deberá constituírse na data que sinale o seu Presidente, entendéndose validamente constituído

cando asista a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. Nas xuntanzas do tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

7.7. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto na Lei 30/92 de RJ-PAC e ás presentes bases. Por acordo do seus membros poderá acordar-la autoconvocatoria para as seguintes sesións sen necesidade de convocatoria por escrito, bastando simplemente que o Secretario faga constar na acta tal circunstancia.

7.8. O tribunal será o encargado de velar polo axeitado desenvolvemento de todo o proceso selectivo, impulsando o mesmo de conformidade coas presentes bases. Igualmente lle corresponde a determinación concreta do contido das probas e a cualificación dos aspirantes, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan necesarias para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo e a resolución das incidencias que xurdan.

7.9. O Tribunal adoptará as medidas precisas, naqueles casos que resulte necesario, para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións na realización dos exercicios ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e medios.

7.11. Os membros do tribunal e os asesores e colaboradores que poidan ser designados por aquel que asistan ás sesións percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida. A tal efecto o tribunal clasifícase na categoría Primeira.

OITAVA.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

8.A: Primeira Fase: Concurso.

Con carácter xeral, esta fase de concurso será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio. A puntuación conseguida nesta fase en ningún caso poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. A valoración desta fase de concurso alcanzará, como máximo 20,00 puntos, que constitúe o 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

Nesta fase valoraranse os servizos prestados por calquera vínculo xurídico non fixo, excepto como persoal eventual, en postos de traballo ou categorías profesionais de idéntico ou similar contido funcional á categoría de Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local no propio Concello de Vilanova de Arousa ou noutras entidades pertencentes á Administración Local. As puntuacións por mes de servizos prestados ao Concello de Vilanova de Arousa serán de 0,20 puntos por mes e de 0,10 puntos por mes os prestados a outras entidades de Administración Local. A puntuación máxima alcanzable por este apartado será de 20,00 puntos.

A acreditación dos servizos prestados polos interesados efectuarase aportando xunto coa instancia, certificación orixinal expedida polo servizo competente da Administración Local respectiva, na que conteña en todo caso o tempo de servizos prestados, a clase ou categoría profesional e o vínculo xurídico.

Para o cómputo dos servizos prestados desprezaranse as fraccións do tempo inferior a un mes, agás que, de existir varias acumulen entre elas 30 días.

Para acreditar a identidade ou similitude funcional os tribunais poderán requirir aos aspirantes, de se-lo caso,

para que no prazo de 10 días hábiles aporten unha certificación comprensiva das funcións desvoltas que acredite a dita identidade ou similitude de contido funcional.

A cualificación dos méritos da fase de concurso coas puntuacións outorgadas polo respectivo tribunal publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, e na súa paxina web, antes da realización do primeiro exercicio da fase de oposición. Contra dita puntuación os interesados, poderán presentar ante o propio Tribunal reclamación no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación de dito anuncio. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións, o Tribunal acordará a resolución definitiva da fase do concurso e a súa publicación no dito taboleiro de anuncios con independencia do desenvolvemento da fase de oposición. A estes efectos, a estimación ou desestimación de ditas reclamacións, entenderase implícita nesta publicación.

8.B. Segunda Fase: Oposición.

A fase oposición constará dos seguintes exercicios obrigatorios e eliminatorios:

- a) O primeiro exercicio consistirá en desenvolver por escrito dous temas, un de cada parte do programa, nun prazo máximo de 4 horas. O aspirante terá que escoller dous temas entre catro que serán elixidos ao chou entre todos os comprendidos no programa. Realizarse unha lectura pública posterior do mesmo ante o tribunal. Este exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.
- b) O segundo exercicio consistirá en contestar por escrito 5 preguntas propostas polo Tribunal de entre as materias comprendidas no temario. O prazo máximo de realización deste exercicio é de unha hora e trinta minutos. Realizarse unha lectura pública posterior do mesmo ante o tribunal. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.
- c) O terceiro exercicio consistirá en realizar un suposto práctico que formulará o tribunal e que estará relacionado co contido do programa e coas funcións propias da praza. Poderá consistir na emisión dun informe, proposta, dictame ou outros documentos de carácter análogo. O prazo máximo de realización será de dúas horas. Poderanse utilizar textos legais concordados pero non comentados. Realizárase unha lectura pública posterior do mesmo ante o Tribunal. O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo. Nos termos previstos no artigo 33 da Lei 4/1998, do 26 de maio, de Función Pública de Galicia na redacción dada ao mesmo pola Lei 13/2007, do 27 de xullo de reforma da anterior (D.O.G. nº 165, do 27 de agosto) este exercicio deberá realizarse exclusivamente polos aspirantes en lingua galega.

NOVENA.—NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

9.1. Corresponde ao presidente do tribunal fixar o lugar, data e hora da realización do primeiro exercicio da oposición que será comunicado cunha antelación mínimo de 7 días naturais no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxi-

na web www.vilanovadearousa.com. A realización dos seguintes exercicios da oposición, convocarase tamén polo presidente do tribunal, soamente no dito taboleiro de anuncios e na páxina web www.vilanovadearousa.com

9.2. Os aspirantes serán chamados para a realización dos exercicios nun chamamento único, sendo excluídos do proceso os que non comparezan. En todos os casos, para garanti-la unidade de acto non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendala non comparecencia.

9.3. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa personalidade, debendo concorrer á celebración co documento nacional de identidade, pasaporte ou permiso de conducir.

9.4. En calquera momento do proceso selectivo, si o tribunal tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre un ou varios de requisitos por esixidos nesta convocatoria, despois da audiencia ao interesado, deberá acordala súa exclusión. Da mesma forma o tribunal deberá dar conta das inexactitudes ou falsidades nas que puidesen incorrelos aspirantes, aos efectos procedentes.

9.5. Os aspirantes dispoñerán dun prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte á realización dos exercicios para impugnar algunha ou algunhas das preguntas incluídas no mesmo. Se o tribunal, de oficio, ou sobre a base das citadas impugnacións, anulase algunha ou algunhas das preguntas, anunciarán publicamente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web www.vilanovadearousa.com

9.6. Trala publicación das puntuacións dos exercicios da oposición, os interesados poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da dita publicación.

9.7. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web www.vilanovadearousa.com un acordo coas puntuacións definitivas obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición. Para este efecto, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderanse implícitas nesta publicación.

9.8. A orde de intervención dos opositores empezará por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra D, de acordo coa Resolución do 29 de xaneiro de 2009 (DOG nº 24, de 4 de febreiro) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

9.9. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o tribunal fará pública, mediante anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello, a relación de aspirantes que superaran con indicación da puntuación obtida. Aqueles aspirantes que non superasen o exercicio se lles cualificará como “non apto”.

9.10 Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, e, no seu caso, dos asesores e colaboradores designados por este e os opositores.

DÉCIMA.—CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

10.1. A puntuación final obtida polos aspirantes na oposición será a suma das puntuacións parciais obtidas en cada un dos seus exercicios.

10.2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados pola orde de puntuacións no taboleiro de anuncio da Casa do Concello e na súa páxina web.

10.3. O tribunal en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas en cada un deles. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

10.4. Non obstante, o tribunal ao cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a que só se considerará ao formularlle á Alcaldía a proposta coa relación de aprobados, na que só se incluírán aqueles opositores que obtivesen maior puntuación total final, que nunca poderán supera-lo número de prazas convocadas en cada proceso selectivo.

10.5. No caso de empate, o desempate e en consecuencia a orde de puntuación, establecerase e resolverase a favor do aspirante con maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición, e de persisti-lo empate polo de maior puntuación no segundo exercicio e, se o empate persistise, pola maior puntuación obtida no terceiro exercicio, con independencia da cualificación xeral de Apto. E, se a pesares disto persistira o empate, dirimírase ao chou.

DECIMOPRIMEIRA.—PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES APROBADOS.

11.1. A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web, conterá unha advertencia recordando aos opositores aprobados que deberán presenta-la documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local.

11.2. Os aspirantes propostos aportarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa páxina web, os documentos acreditativos da capacidade e requisitos esixidos na Base 4ª da convocatoria.

11.3. A forma concreta da dita xustificación documental establecerase na resolución que publique a dita relación de aprobados.

11.4. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presenta-los documentos esixidos, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

11.5. Os que non presentasen a documentación esixible dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderán ser nomeados persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgúns dos requisitos esixidos.

11.6. Os aspirantes aprobados que tivesen a condición de funcionarios públicos ou de persoal laboral fixo do Concello de Vilanova de Arousa estarán exentos de xustificaren as condicións e os requisitos xa acreditados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo só presentar unha certificación acreditativa da súa condición e de-

mais circunstancias que consten no seu expediente persoal, e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

DECIMOSEGUNDA.—NOMEAMENTO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO E TOMA DE POSESIÓN.

12.1. Rematado o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, serán nomeados persoal laboral fixo polo Sr. Alcalde-Presidente, unha vez que xustificasen documentalmente que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso.

12.2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía- Presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez que se practique a notificación persoal do seu nomeamento.

12.3. A toma de posesión efectuarase dentro de prazo máximo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do dito nomeamento nos termos previstos no artigo 47.4 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia. De non facelo, sen existir causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada, entenderase que renuncian ao posto de traballo. Neste suposto nomearase ao aspirante clasificado en segundo lugar do proceso selectivo, sempre que superase todos os exercicios do mesmo. Na toma de posesión os aspirantes nomeados deberán prometer ou xura-lo cargo na forma establecida no art. 1 do R.D. 707/1979, do 5 de abril.

12.4. Co traballador fixo seleccionado neste proceso se asinará o correspondente contrato laboral.

DÉCIMOTERCERA.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

Estas bases vinculan á Administración municipal, ao tribunal e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

O tribunal queda autorizado para a interpretación das bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias leve aparellada a súa aplicación. A estes efectos poderá adopta-los acordos necesarios, procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMOCUARTA.—NORMA FINAL

14.1. A convocatoria e as súas bases poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma previstos no artigo 52.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, LBRL E 209 e seguintes do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro en relación cos artigos 107 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRJ-PAC.

14.2. As resolucións e actos dos tribunais poderán ser recorridos enalzada ante o Alcalde de Concello na forma prevista nos artigos 114 e 125 da dita Lei 30/1992.

A N E X O

**AXENTE DE EMPREGO
E DESENVOLVEMENTO LOCAL***PRIMEIRA PARTE*

1. A Constitución española de 1978. Estructura. Principios xerais. Reforma constitucional.
2. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.
3. As Cortes Xerais. O poder lexislativo: as funcións e os órganos.
4. O Goberno e a Administración do estado. Concepto. Cesamento do Goberno. Responsabilidade. Funcións do Goberno.
5. O poder xudicial: concepto xeral. Principios de organización xudicial. Órganos xurisdiccionais.
6. A Administración pública. Principios de actuación da administración pública: Exame de cada un deles.
7. A organización territorial do Estado. A Comunidade autónoma de Galicia e o seu Estatuto de autonomía. As institucións galegas. A Xunta e o seu presidente.
8. Sometemento da Administración á lei e o dereito. A Lei. Clases de leis. Disposicións do Executivo con rango de lei. O Regulamento e outras disposicións xerais.
9. Os dereitos dos cidadáns ante a Administración Pública. Colaboración e participación dos cidadáns na Administración, con especial referencia á Administración Local.
10. O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. A sede electrónica. Defensor do usuario.
11. O acto administrativo. Motivación. Eficacia. Validez dos actos administrativos. O silencio administrativo.
12. Os recursos administrativos. Concepto. Clases. Obxecto.
13. O réxime local español. A Lei de Bases de Réxime Local. Clases de Entidades Locais. Organización municipal. Competencias municipais. Organización. A normativa de Administración Local de Galicia.
14. O municipio. Elementos. Competencias. O termo municipal. O Estatuto dos veciños.
15. O alcalde: competencias. Os tenentes de alcalde. O Pleno: composición e atribucións. A Xunta de Goberno Local. Os órganos complementarios.
16. O persoal ao servizo das entidades locais I. O Estatuto do empregado público. O persoal laboral: tipoloxía e selección.
17. O persoal ao servizo das entidades locais II. Deberes. O Convenio colectivo do persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Vilanova de Arousa.
18. Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Réxime xurídico do gasto público local. Os presupostos locais.
19. O axente de emprego e desenvolvemento local. Perfil profesional do axente de emprego e desenvolvemento local. Funcións do axente: a dinamización do desenvolvemento socio-económico no ámbito local. Estímulo de proxectos empresariais. Asesoramento para a creación de empresas.
20. A Rede de Técnicos de Emprego de Galicia. Obxecto. Composición da Rede. Obxectivos.
21. Axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito de colaboración coas entidades locais. Obxecto. Benefi-

ciarios. Definición e funcións dos axentes de emprego e desenvolvemento local. Contía máxima e duración da subvención.

22. O emprego como obxectivo prioritario da Unión Europea. As directrices do emprego da Unión Europea. A estratexia europea de emprego.

23. Lei 56/2003 de emprego: Políticas de emprego. Servizo público estatal e das Comunidades Autónomas. Políticas activas de emprego.

24. O Plan Integral de Emprego de Galicia. Obxectivos. Actuacións. Financiamento.

25. Lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia. A Marca Galega de Excelencia en Igualdade. A Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre homes e mulleres na negociación colectiva. O Consello galego de participación das mulleres no ámbito do emprego e das relacións laborais.

26. Muller e traballo en Galicia. A corresponsabilidade entre homes e mulleres. Plan de corresponsabilidade galego.

27. Subvencións para a creación de empresas e a integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras: O programa EMEGA. Beneficiarias. Obxectivos. Contía das axudas. Xustificación das axudas.

28. A inserción laboral da mocidade e a Administración local. Axudas e subvencións para a contratación de xóvenes en programas da Xunta de Galicia desenvolvidos pola Administración local.

29. Programas mixtos de formación e emprego: Clasificación. Obxectivos. Destinatarios.

30. As unidades de promoción e desenvolvemento: Concepto. Funcións. Entidades promotoras. Duración.

31. As esolas obradoiros. Concepto. Funcións. Beneficiarios do programa. Beneficiarios da subvención: entidades promotoras. Etapas e duración.

32. Os obradoiros de emprego. Concepto. Funcións. Beneficiarios do programa. Beneficiarios da subvención: entidades promotoras. Etapas e duración.

33. O Plan de formación e inserción profesional (Plan FIP).

34. As axudas e subvencións para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades locais. Obxectivos. Entidades beneficiarias.

35. O Programa de cooperación coas entidades locais. Subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Requisitos e criterios para a selección das obras ou servizos. Selección e contratación dos traballadores. Inicio das obras ou servizos.

36. Axudas para a realización de estudos de mercado e campañas para o desenvolvemento local. Definición. Liñas de axuda. Contía. Xustificación das axudas.

37. A búsqueda de emprego. Técnicas. Organización e metodoloxía de búsqueda de emprego. Fontes de información. Tipos de curriculum. Cartas de presentación.

38. Situación socio-laboral de Vilanova de Arousa. A estrutura do paro en Vilanova de Arousa: situación actual e perspectivas de futuro.

39. O Servizo Público de Emprego de Galicia. Normativa. Funcións. Funcionamento das entidades colaboradoras.

40. O desenvolvemento local como política activa de progreso. A planificación estratéxica dos concellos. O contexto actual do desenvolvemento local: obxectivos e retos do desenvolvemento local.

41. Fases da planificación estratéxica no desenvolvemento local: identificación de recursos e posibilidades de desenvolvemento, diagnóstico e análise da situación, planificación, deseño e formulación de estratexias de desenvolvemento.

42. O diagnóstico territorial: finalidade. Criterios e procedementos de elaboración. Análise dos elementos. Técnicas para a realización do diagnóstico local.

43. As estratexias de desenvolvemento: factores determinantes, tipoloxía do territorio, situacións para a elección de estratexias. As liñas estratéxicas: obxectivos, principios de actuación e enfoques da estratexia de desenvolvemento local. Fases na elaboración dunha estratexia do desenvolvemento local.

44. A implantación dun plan estratéxico: xestión e organización. Instrumentos e recursos. Seguemento e avaliación.

45. Os compoñentes dun proxecto de desenvolvemento local: técnico, institucional, administrativo, social, ambiental, legal, financeiro, económico e político.

SEGUNDA PARTE

46. O contrato de traballo. Concepto e natureza xurídica. Obxecto e causa. O traballador e o empresario. A capacidade contractual. Dereitos e deberes. Os efectos da nulidade do contrato; nulidade total e parcial. A simulación. A forma. Liberdade de forma.

47. Os contratos indefinidos sen bonificación. Requisitos do traballador e da empresa, formalización, incentivos, outras características.

48. O contrato de traballo indefinido para mulleres desempregadas. Requisitos do traballador e da empresa, formalización, incentivos, outras características.

49. O contrato de traballo indefinido para xóvenes de 16 a 30 anos. Requisitos do traballador e da empresa, formalización, incentivos, outras características.

50. O contrato de traballo indefinido para traballadores maiores de 45 anos. Requisitos do traballador e da empresa, formalización, incentivos, outras características.

51. O contrato de traballo indefinido para desempregados inscritos ininterrompidamente durante seis ou máis meses. Requisitos do traballador e da empresa, formalización, incentivos, outras características.

52. O contrato de traballo indefinido ou temporal bonificado para traballadores en situación de exclusión social. Requisitos do traballador e da empresa, incentivos, formalización, outras características.

53. Contratos formativos: o contrato para a formación e o contrato en prácticas. Requisitos do traballador e da empresa, incentivos, formalización, outras características.

54. O contrato de fin de obra ou servizo determinado. Formalización, extinción, outras características.

55. Os contratos de traballo a tempo parcial. Formalización, incentivos, outras características.

56. O contrato indefinido para persoas con discapacidade. Requisitos do traballador e da empresa, formalización do contrato, incentivos, obrigas da empresa.

57. A transformación de contratos formativos e temporais para o fomento do emprego de persoas con discapacidade en indefinidos con bonificación. Requisitos do traballador e da empresa, incentivos, formalización, outras características.

58. Programas experimentais en materia de emprego. Obxecto. Definición de programa experimental. Obxectivos. Entidades beneficiarias. Contía das subvencións.

59. Programa de promoción do emprego autónomo: as axudas aos traballadores desempregados. Obxecto. Beneficiarios. Tipos de axudas.

60. Cooperativas e economía social. Concepto. Persoas que a integran. Réxime económico. Órganos sociais. Consello galego de Cooperativas.

61. A cultura como factor de desenvolvemento local. Especial mención a Vilanova de Arousa. A planificación estratéxica en materia de cultura en Vilanova de Arousa: Recursos locais de desenvolvemento no eido da cultura. Propostas de actuación.

62. As iniciativas locais de emprego. Obxecto, beneficiarios, tipos de axudas. Procedemento de cualificación e inscrición rexistral: obxecto, requisitos de cualificación, cualificación e rexistro.

63. As axudas aos proxectos innovadores no medio rural. Obxecto, beneficiarios, tipos de axudas das iniciativas de emprego rural. Procedemento de cualificación e inscrición rexistral: obxecto, requisitos de cualificación, cualificación e rexistro.

64. Axudas aos proxectos empresariais innovadores de contido científico e/ou tecnolóxico: as iniciativas de emprego de base tecnolóxica. Obxecto. Beneficiarios. Tipos de axudas. Instrumentos e mecanismos de apoio e avaliación técnica. Requisitos de cualificación. Cualificación e rexistro.

65. A economía social: un instrumento para o desenvolvemento local. Concepto. Principios da economía social.

66. O concepto de desenvolvemento sostible. A Axenda 21: filosofía e contidos. A cumbre de Río de Janeiro. A Carta de Aalborg.

67. Os Plans de Dinamización Turística (PDT). Obxectivos. Entidades beneficiarias. Axudas. Especial mención ao PDT do Salnés e as súas repercusións para Vilanova de Arousa.

68. Axudas para a recuperación e rexeneración dos destinos turísticos maduros: Os Plans de Excelencia Turística. Obxectivos. Entidades beneficiarias. Axudas.

69. A actividade turística como factor de desenvolvemento local. Especial mención a Vilanova de Arousa. A planificación estratéxica en materia de turismo en Vilanova de Arousa: Recursos locais de desenvolvemento no eido do turismo. Propostas de actuación.

70. A cultura empresarial como factor fundamental para o desenvolvemento local. Efectos no ámbito local da creación de empresas. O significado socioeconómico de emprender. O proceso de creación de empresas. Características desexables do emprendedor.

71. O papel do Axente de emprego e desenvolvemento local na xeración de ideas de negocio: identificación da oportunidade de negocio. Os sectores emerxentes establecidos pola Unión Europea para a creación de empresas. A idea de negocio: ideas e oportunidades e os novos xacementos de emprego.

72. O apoio técnico dos Axentes de desenvolvemento local para a iniciación de proxectos empresariais: posta en marcha, primeiras xestións e seguemento. O Plan de empresa ou Plan de viabilidade: definición, obxectivos e estrutura. Análise do emprendedor e da idea empresarial. Aspectos previos a ter en conta por parte do emprendedor.

73. A economía de Vilanova de Arousa: Principais recursos de desenvolvemento de Vilanova de Arousa. A agricultura, a gandería, a pesca, o marisqueo. A actividade empresarial e comercial. Situación actual e perspectivas de futuro.

74. Plan de empresa: o empresario e o seu equipo humano, o plan de marketing, o plan económico e financeiro e o plan de operacións. Estratexias para a creación de empresas.

75. As axudas do IGAPE para emprendedores.

76. Os microcréditos: Unha ferramenta de loita contra a exclusión social e laboral. Clases de microcréditos para emprendedores en Galicia. Obxectivos. Beneficiarios.

77. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Disposicións xerais. Concepto de subvención. Requisitos para o outorgamento das subvencións. Beneficiarios. Obrigas dos beneficiarios. Bases reguladoras da concesión de subvencións. Publicidade das subvencións concedidas. Financiación das actividades subvencionadas.

78. O procedemento de concesión e xestión das subvencións na lei xeral de subvencións. A concorrència competitiva. A concesión directa. A xestión e xustificación da subvención pública. O reintegro. Control financeiro das subvencións. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

79. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Obxecto. Concepto. Ámbito de aplicación.

80. Os fundamentos da integración europea: antecedentes, cooperación, integración, o BENELUX, a CECA, etc.

81. O Consello europeo: Orixe e evolución. Composición e funcións. A Comisión europea: Orixe e evolución. Composición e funcións.

82. O Parlamento europeo: Orixe e evolución. Composición e poderes. O Tribunal de Xustiza: Orixe e evolución. Organización e funcionamento.

83. O Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER). Orixe, evolución, obxectivos, ámbito de aplicación e funcionamento.

84. O Fondo Social Europeo (FSE). Evolución, obxectivos, ámbito de aplicación e funcionamento.

85. O Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola. Evolución histórica. Concepto, ámbito de aplicación e funcionamento.

86. O Fondo de Cohesión. Orixe, obxectivos, evolución, ámbito de aplicación, procedemento de concesión de axudas.

87. O Instrumento Financeiro de Orientación de Pesca (IFOP). Orixe, ámbito de aplicación, procedemento de concesión de axudas.

88. Os Programas de Desenvolvemento Rural (Proder II). Orixe, ámbito de aplicación, procedemento de xestión de axudas. Especial mención ao Proder II de O Salnés e a súa repercusión en Vilanova de Arousa.

89. O instrumento financeiro para o medio ambiente. Programa LIFE: Obxectivos, ámbito temáticos de aplicación. Criterios xerais.

90. Criterios para a elaboración dun plano estratéxico de desenvolvemento para Vilanova de Arousa.

Vilanova de Arousa, a 24 de abril de 2009.—O Alcalde, Gonzalo Durán Hermida. **2009004740**

Tribunal Superior de Justicia

Sala de lo Social

A CORUÑA

E D I C T O

Cédula de citación

En las actuaciones: Recurso de suplicación número MFV a las que se refiere el encabezamiento, seguidas ante la Sala de lo Social de este Tribunal Superior de Justicia, dimanantes de los autos número 292/2005 del Jdo. de lo Social nº 005 de Vigo promovidos por Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo contra Instituto Nacional de la Seguridad Social, Tesorería General de la Seguridad Social, José Benito Cotado Romay Induohaser S.L., sobre accidente, con fecha 13 de marzo de 2009 se ha dictado la resolución, cuya parte dispositiva es del siguiente tenor literal:

“Estimamos el recurso de suplicación interpuesto por la representación legal de Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo contra la sentencia del Juzgado de lo Social nº 5 de Vigo, de 9 de septiembre de 2005 en autos nº 292/2005, que revocamos, declaramos la responsabilidad directa de Induohaser S.L., en las prestaciones derivadas del accidente laboral de D. José Benito Costado Romay ocurrido el 24 de diciembre de 2003 por importe de siete mil ochocientos veintidós euros con veintiséis céntimos (7.822,26 €), condenamos a la empresa a reintegrar dicha cantidad a la recurrente y, subsidiariamente, al Instituto Nacional de la Seguridad Social. Dése el destino legal al depósito para recurrir”.

Se advierte a la parte en ignorado paradero que, en lo sucesivo, se le efectuarán las notificaciones en estrados, salvo que se trate de autos, sentencias o emplazamientos, de acuerdo con lo prevenido en el artículo 59 de la Ley de Procedimiento laboral.

Y para que así conste a efectos de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia a fin de que sirva de notificación en forma a Induohaser S.L., con la advertencia de que las siguientes comunicaciones se harán en estrados, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia o se trate de emplazamiento, expido y firmo el presente edicto en A Coruña, a 17 de abril de 2009.—El/la Secretario Judicial, María Socorro Bazarra Varela. **2009004512**

3) El Ministerio Fiscal, en ejercicio de la acción pública.

Y en virtud de las facultades que me han sido dadas por la Constitución y en nombre de S.M el Rey, dicto la siguiente sentencia:

Fallo.—Condeno a don Eduardo Hernández Pérez, como autor responsable de una falta de hurto del artículo 623.1º del CP, en grado de tentativa y por ello, se le impone la pena de multa de cuarenta y cinco días, a razón de ocho euros diarios, s/n, abono de responsabilidad civil y costas.

En el caso en que no satisfaga la multa el condenado, y previo embargo de sus bienes, deberá cumplir con un día de privación de libertad por cada dos cuotas impagadas con arreglo a las normas de sustitución de pena, como responsabilidad personal subsidiaria.

La sentencia se notificará al Fiscal y las partes, y se les concede a las partes un plazo de cinco días para apelarla ante la Audiencia Provincial de Pontevedra, recurso que se presentaría en este juzgado en el plazo de cinco días contados desde la notificación.

Se decreta la devolución al dueño de los productos y que sirvan para la venta convirtiendo el depósito en definitivo.

Llévese el original al libro de sentencias, dejando en los autos copia testimoniada de la sentencia.

Así, por esta sentencia, lo acuerdo, mando y firmo: Belén Rubido de la Torre, Magistrada titular del Juzgado de Instrucción nº 4 de Vigo.

Publicación.—Dada, leída y publicada fue la anterior sentencia por el mismo Magistrado-Juez que la dictó, de la que yo el Secretario, doy fe.

E para que conste e lle sirva de notificación de sentencia a Eduardo Hernández Pérez, actualmente en paradiro desconocido, e a súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra, expido o presente edicto en Vigo, a 20/04/2009.—O/a Secretario/a, Antonio Fernández Faro. **2009004553**

* * *

E D I C T O

Dª Marta Gutiérrez Fidalgo Secretario del Juzgado de Instrucción número 5 de Vigo.

Doy fe y testimonio: Que en el Juicio de Faltas nº 465/2008 se ha dictado la presente sentencia, que en su encabezamiento y parte dispositiva dice:

En Vigo a 29 de septiembre de 2008.—Vistos por Dª María Jesús Fernández Paz, Magistrada-Juez del Juzgado de Instrucción número cinco, los presentes autos de juicio de faltas 465/08 sobre hurto, en el que fueron partes además del Ministerio Fiscal, como denunciante Hiper Planet y como denunciada María Ión.

Fallo: Que debo absolver como absuelvo a María Ión de la falta de hurto que se le imputa, con declaración de las costas de oficio.

La presente resolución no es firme y, contra la misma cabe interponer recurso de apelación en ambos efectos en este Juzgado para ante la Ilma. Audiencia Provincial de Pontevedra en el plazo de cinco días desde su notificación.

Así por esta mi sentencia, lo pronuncio, mando y firmo.

Y para que conste y sirva de notificación de Sentencia a María Ión, actualmente paradero desconocido y su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia Pontevedra, expido la presente en Vigo a catorce de abril de dos mil nueve.—El/la Secretario, Marta Gutiérrez Fidalgo. **2009004450**

* * *

E D I C T O

Cédula de notificación

En el procedimiento juicio verbal 1394/2008 del Juzgado de Primera Instancia nº 13 de Vigo, se ha dictado la resolución del tenor literal siguiente:

Sentencia 00075/2009.—En Vigo, a quince de abril de dos mil nueve.

Vistos por Dª Yolanda Rodríguez Sánchez Magistrada del Jdo. Primera Instancia nº 13 de Vigo, los presentes autos de juicio verbal seguidos en este Juzgado con el número 1394/2008 a instancias de Banco Gallego, S.A., representado por el Procurador Paula Llordón Fernández-Cervera y defendido por el Letrado Santiago González Méndez, siendo parte demandada Vinicius Carinha Galarraga.

(Siguen antecedentes de hecho y fundamentos de derecho.)

Fallo.—Se estima la demanda presentada por la Procuradora Dª Paula Llordón Fernández-Cervera en nombre y representación del Banco Gallego S.A., contra D. Vinicius Carinha Galarraga.

Se condena a la demandada al abono de la suma de 1.874,47 euros con los intereses legales desde la fecha de reclamación extrajudicial (3/10/08) y los previstos en el artículo 576 desde la presente resolución y hasta su completo pago.

Se imponen las costas a la parte demandada.

Líbrense la correspondiente certificación literal de esta resolución, que quedará unida al procedimiento, llevándose el original al Libro de su razón.

Contra esta resolución cabe interponer recurso de apelación ante este Juzgado en el plazo de cinco días, a partir del siguiente al de su notificación.

